

# PLAN ESTRATÉXICO DE **XUVENTUDE DE GALICIA**

>> 2025 - 2027



XUNTA  
DE GALICIA

PLAN ESTRATÉXICO DE  
**XUVENTUDE DE  
GALICIA**

>> 2025 - 2027

## TÁBOA DE CONTIDOS

|                                                                                                         |           |                                      |            |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|--------------------------------------|------------|
| <b>1. INTRODUCCIÓN</b>                                                                                  | <b>4</b>  | <b>7. PROGRAMA DE MEDIDAS</b>        | <b>66</b>  |
| <b>2. CONSIDERACIÓNS METODOLÓXICAS</b>                                                                  | <b>6</b>  | <b>7.1. ÁREA ESTRATÉGICA 1.</b>      |            |
| <b>3. CONTEXTO SOCIODEMOGRÁFICO ACTUAL DA XUVENTUDE GALEGA</b>                                          | <b>10</b> | EDUCACIÓN                            | 66         |
| <b>3.1. POBOACIÓN E TERRITORIO</b>                                                                      | <b>10</b> | <b>7.2. ÁREA ESTRATÉGICA 2.</b>      |            |
| 3.1.1. DATOS XERAIS DE POBOACIÓN                                                                        | 10        | EMPREGO                              | 69         |
| 3.1.2. A POBOACIÓN MOZA                                                                                 | 14        | <b>7.3. ÁREA ESTRATÉGICA 3.</b>      |            |
| <b>3.2. EDUCACIÓN</b>                                                                                   | <b>15</b> | CREATIVIDADE E ESPÍRITO EMPREENDEDOR | 77         |
| <b>3.3. OS FOGARES EN GALICIA. ESTRUCTURA E SITUACIÓN</b>                                               | <b>20</b> | <b>7.4. ÁREA ESTRATÉGICA 4.</b>      |            |
| <b>3.4. TAXA DE RISCO DE POBREZA</b>                                                                    | <b>22</b> | EMANCIPACIÓN E VIVENDA               | 81         |
| <b>3.5. ÁMBITO LABORAL</b>                                                                              | <b>23</b> | <b>7.5. ÁREA ESTRATÉGICA 5.</b>      |            |
| <b>3.6. EMANCIPACIÓN</b>                                                                                | <b>26</b> | SAÚDE E DEPORTE                      | 85         |
| <b>3.7. SAÚDE E BENESTAR</b>                                                                            | <b>30</b> | <b>7.6. ÁREA ESTRATÉGICA 6.</b>      |            |
| <b>3.8. OUTROS ÁMBITOS DE INTERESE</b>                                                                  | <b>32</b> | PARTICIPACIÓN E ASOCIACIONISMO       | 91         |
| 3.8.1. USO DO GALEGO                                                                                    | 32        | <b>7.7. ÁREA ESTRATÉGICA 7.</b>      |            |
| 3.8.2. A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN. IMPACTO DA TECNOLOXÍA                               | 33        | VOLUNTARIADO                         | 97         |
| <b>4. MARCO NORMATIVO E PROGRAMÁTICO</b>                                                                | <b>40</b> | <b>7.8. ÁREA ESTRATÉGICA 8.</b>      |            |
| <b>4.1. CONTEXTO NORMATIVO AUTONÓMICO. A LEI 6/2012, DO 19 DE XUÑO, DE XUVENTUDE DE GALICIA</b>         | <b>40</b> | INFORMACIÓN E FORMACIÓN              | 99         |
| <b>4.2. ALIÑAMENTO COS INSTRUMENTOS PROGRAMÁTICOS INTERNACIONAIS, ESTATAIS E DA COMUNIDADE AUTÓNOMA</b> | <b>43</b> | <b>7.9. ÁREA ESTRATÉGICA 9.</b>      |            |
| <b>5. PRINCIPIOS ORIENTADORES E CRITERIOS PARA A ACCIÓN</b>                                             | <b>55</b> | MOBILIDADE XUVENIL E TURISMO         | 103        |
| <b>6. ESTRUCTURA DO PLAN</b>                                                                            | <b>58</b> | <b>7.10. ÁREA ESTRATÉGICA 10.</b>    |            |
|                                                                                                         |           | DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA             | 105        |
|                                                                                                         |           | <b>7.11. ÁREA ESTRATÉGICA 11.</b>    |            |
|                                                                                                         |           | IGUALDADE                            | 110        |
|                                                                                                         |           | <b>7.12. ÁREA ESTRATÉGICA 12.</b>    |            |
|                                                                                                         |           | MEDIO AMBIENTE                       | 117        |
|                                                                                                         |           | <b>8. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN</b>    | <b>121</b> |
|                                                                                                         |           | <b>ANEXO : ORZAMENTO</b>             | <b>123</b> |

# 1. INTRODUCCIÓN

---

Presentamos neste documento o Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2025-2027, o instrumento de planificación que guiará as políticas públicas da Xunta de Galicia dirixidas á mocidade do país nos vindeiros anos.

Consonte o establecido na Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, este plan será o principal instrumento para acadar a transversalidade en materia de xuventude co resto de consellerías da Xunta de Galicia, así como a coordinación coas diferentes administracións públicas que incidan no seu ámbito de aplicación.

A Xunta de Galicia aposta por seguir avanzando no desenvolvemento pleno da mocidade galega a través dun marco programático que, directa ou transversalmente, permita avanzar nos distintos ámbitos de interese e que a mencionada lei define como sectores da transversalidade.

No contexto do Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 (PEG), a nova estratexia de xuventude será o referente esencial para a consecución do obxectivo estratéxico 1.2.2 do citado PEG: "mellorar a calidade de vida da xuventude galega, mellorando as súas competencias e capacidades, incrementando o seu benestar e impulsando a participación e o voluntariado".

Así, o Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2025-2027 continúa a senda das estratexias de planificación precedentes, e con el potenciaranse e melloraranse as políticas, programas e servizos que a Administración autonómica lle ofrece á poboación moza que reside en Galicia.

O novo Plan de xuventude estrutúrase en doce áreas estratéxicas, das cales once se corresponden cos sectores transversais que recolle a lei, ás que se engade unha área máis centrada no ámbito medioambiental, pola súa transcendencia.

Os principais obxectivos do novo Plan estratéxico de xuventude 2025-27 son os seguintes:

- » Continuar apoiando os programas e iniciativas orientados á mellora da empregabilidade da mocidade galega a través da adquisición de competencias, destrezas e capacidades complementarias á educación formal ou regrada, promover a mobilidade internacional e reforzar os programas de educación non formal.
  - » Procurar o benestar físico, psíquico, emocional e social da poboación moza, a través da promoción de estilos de vida saudables e de ámbitos sociais e medioambientais adecuados.
-

- » Contribuír á mellora das condicións que fagan posible a emancipación da xuventude a través de accións de fomento do emprego, emprendemento e apoios á contratación, así como facilitar o acceso á vivenda.
- » Impulsar a iniciativa xuvenil dos mozos e das mozas nos distintos eidos e fomentar as capacidades creativas e o desenvolvemento do talento.
- » Promover novas iniciativas e proporcionar á mocidade alternativas educativas e saudables para o seu tempo libre, a través de programas de ocio educativo e espazos atractivos, sustentables, formativos e favorecedores do intercambio de valores, experiencias e coñecemento.
- » Potenciar a participación activa da mocidade desde un enfoque inclusivo e fomentar a cultura da solidariedade a través de accións de voluntariado.

Para a elaboración do presente plan, realizouse un diagnóstico de situación cun enfoque participativo, co fin de aproximarse á situación da mocidade galega e identificar os seus principais intereses, necesidades e demandas.

Ademais, as distintas consellerías achegaron información sobre as actuacións en vigor e sobre as novas propostas de iniciativas e de programas en materia de xuventude no seu marco competencial, coa finalidade de dispoñer dun plan de xuventude verdadeiramente transversal e integral, tal e como establece a Lei 6/2012.

Así, a partir desta diagnose e das propostas dos distintos departamentos da Xunta de Galicia, deseñouse o plan que aquí se presenta, cun programa de medidas integrado por doce áreas estratéxicas, 25 obxectivos operativos e 133 medidas, un instrumento de carácter vivo e dinámico que constitúe a folla de ruta coa que avanzar na mellora da calidade de vida da xente nova, e na súa participación activa no desenvolvemento económico, social e cultural de Galicia.



## 2. CONSIDERACIÓNS METODOLÓXICAS

---

O proceso de elaboración do Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2025-2027 realizouse mediante o emprego dunha metodoloxía participativa.

A continuación, resúmense as fases de elaboración do plan:

### 1. DIAGNÓSTICO

---

A Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia sinala que “o Plan estratéxico de xuventude de Galicia deberá partir dunha diagnose da situación da mocidade en Galicia, que facilite o artellamento integral e transversal dos eixes de traballo que constitúan o plan” (artigo 6.3).

Consonte esta disposición, elaborouse un completo diagnóstico da situación da poboación nova de Galicia. Para a realización desta diagnose empregouse unha metodoloxía mixta, baseada en técnicas cuantitativas e cualitativas para a obtención de información, desde un enfoque, como se indicou, netamente participativo.

Segundo o artigo 6.1 “na elaboración do Plan estratéxico de xuventude de Galicia buscarase a colaboración efectiva das entidades de participación xuvenil e da propia poboación nova, a través de procesos de participación estruturados, posibilitando así a corresponsabilidade da mocidade na posta en marcha das diferentes medidas das administracións públicas dirixidas á xuventude”.

Para iso, leváronse a cabo os seguintes procesos:

#### 1. ENQUISA Á XUVENTUDE

A través dun formulario en liña dispoñible na páxina web institucional, a Xunta de Galicia impulsou esta consulta pública para coñecer a opinión das persoas mozas sobre as políticas que máis os afectan.

O obxectivo principal da Enquisa á xuventude é identificar cales son os asuntos que máis lle preocupan a mocidade galega, nomeadamente, indagar as principais dificultades e necesidades, así como as prioridades de actuación para a mellora da situación do conxunto da xente nova.

Participaron na cobertura do formulario un total de 389 mozos e mozas de diferentes idades.

Esta información completouse cunha análise dos resultados doutra pequena sondaxe: unha **enquisa interactiva dirixida aos mozos e mozas presentes nunha das intervencións no marco do Congreso da Xuventude Galega**.

## 2. MESAS DE TRABALLO

Como se indicou, a metodoloxía desenvolvida incorporaba a perspectiva cualitativa para poder profundar de xeito máis analítico nas necesidades e intereses actuais da mocidade de Galicia.

Realizáronse dúas mesas de traballo con dous obxectivos principais:

- » Identificar os principais retos e necesidades da xuventude galega e na intervención pública neste eido.
- » Recadar propostas de actuación nas distintas áreas de interese.

Os perfís das persoas integrantes das mesas de traballo foron os seguintes:

- » **Mesa de traballo 1:** persoal de organizacións de iniciativa social en contacto con poboación nova, asociacións xuvenís e entidades especializadas en tempo libre.
- » **Mesa de traballo 2:** persoal técnico especializado en xuventude de distintos servizos de titularidade autonómica e local: espazos xoves, servizos de información xuvenil (incluídos os centros Quérote+) e OMIX (oficinas municipais de información xuvenil).

## 3. ANÁLISE DE INFORMACIÓN ESTATÍSTICA SOBRE A XUVENTUDE

En paralelo á recollida de información primaria, realizouse unha análise cuantitativa do panorama da xuventude galega a partir de información secundaria: datos estatísticos sociodemográficos dispoñibles en fontes oficiais e de estudos realizados na materia. O obxecto desta metodoloxía era obter unha fotografía o máis actualizada posible da situación da mocidade en distintas esferas: social, económica, tecnolóxica, territorial etc.

## 4. ELABORACIÓN DO INFORME DIAGNÓSTICO

Tras analizar a información procedente das distintas fontes empregadas, elaborouse un informe diagnóstico, no que se plasman os resultados máis relevantes das sondaxes

realizadas á xuventude, das mesas de traballo e da contextualización sociodemográfica realizada a partir de datos estatísticos.

## 2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN DOS DEPARTAMENTOS AUTONÓMICOS

En paralelo á diagnose realizada e segundo o establecido no artigo 6.2 da Lei 6/2012, levouse a cabo un proceso de recollida de información entre o conxunto de consellerías da Xunta de Galicia, para que achegasen información sobre “as iniciativas e normativas que incidan en materia de xuventude, así como os programas e as actuacións que executen ou en que participe relacionados co ámbito sectorial da mocidade”.

Tal e como establece a lei, tratábase de recoller información sobre todas as medidas, programas ou actuacións que teñen como destinataria específica a poboación nova, ou sobre aquelas outras nas que este sector da poboación constitúe unha parte relevante da poboación beneficiaria ou destinataria.

Para a recollida de información elaborouse unha ficha de actuacións na que plasmar todos os datos de interese sobre as actuacións, programas ou servizos previstos, coa información descritiva e orzamentaria sobre as ditas accións e os seus obxectivos.

## 3. ELABORACIÓN DO PLAN

### 1. DESEÑO DA ESTRUCTURA MATRIZ DO PLAN

Unha vez redactado o informe diagnóstico sobre a situación da mocidade e logo de extraer as conclusións principais, elaborouse o plan, comezando pola definición da estrutura base.

Así, para a redacción do programa de medidas partiuse dunha estrutura matriz conformada por tres elementos básicos: as áreas estratéxicas –que van acompañadas dos seus respectivos obxectivos estratéxicos– correspondentes aos once sectores básicos da transversalidade ao que se engade un máis, o ambiente; nun segundo nivel, os obxectivos operativos, que constitúen as metas concretas e, por último, as medidas.

### 2. ELABORACIÓN DO PROGRAMA DE MEDIDAS

Unha vez aprobada a estrutura matriz polo equipo responsable do órgano directivo competente, elaborouse o programa de medidas. Para iso, analizáronse os resultados do diagnóstico realizado, nomeadamente, as propostas de actuación compiladas no proceso participativo, así como a información sobre as actuacións e programas remitida desde os distintos departamentos autonómicos.



Unha vez elaborado un primeiro borrador do programa de medidas, presentouse ao equipo técnico responsable para a súa valoración, antes de ser remitido aos órganos e entes da Xunta de Galicia participantes, para que puidesen achegar as súas alegacións.

Valoradas as distintas alegacións recibidas e incorporados os cambios pertinentes, redactouse a versión definitiva do plan, que se someteu á aprobación do Consello da Xunta de Galicia, xunto coa correspondente memoria económica-financeira, que garante a viabilidade efectiva do plan.



## 3. CONTEXTO SOCIODEMOGRÁFICO ACTUAL DA XUVENTUDE GALEGA

---

Como se indicou no capítulo anterior no que se describe a metodoloxía de elaboración do Plan estratéxico, realizouse unha diagnose baseada na obtención de información a través de distintas fontes, que se analizou e integrou nun extenso informe diagnóstico. O obxectivo desta diagnose era dispoñer dunha análise do contexto no que se desenvolve a mocidade galega na actualidade, comprender a súa realidade e poder trazar un plan de acción dirixido á cobertura das súas necesidades e ao seu desenvolvemento integral.

A continuación, expóñense os **datos principais sobre o contexto sociodemográfico actual da xuventude galega**, baseados nas cifras estatísticas máis relevantes e dispoñibles en fontes oficiais, así como en estudos e investigacións realizados na materia.

### 3.1. POBOACIÓN E TERRITORIO

---

#### 3.1.1. DATOS XERAIS DE POBOACIÓN

O factor territorial en Galicia é un elemento socioeconómico determinante, que é imprescindible considerar na planificación das políticas públicas da comunidade autónoma de cara á dinamización demográfica e ao desenvolvemento sustentable.

A seguir, expóñense os datos da distribución da poboación galega segundo o grao de urbanización, a partir da categorización dos concellos galegos elaborada polo Instituto Galego de Estatística (IGE)<sup>1</sup>. O grao de urbanización define o tipo de localidade na que reside a persoa segundo o seu carácter urbano ou rural e establécense tres categorías:

» Zonas Densamente Poboadas (ZDP)

---

» Zonas Intermedias (ZIP)

---

» Zonas Pouco Poboadas (ZPP)

---

Como pode comprobarse no gráfico nº1, **a poboación menor de 20 anos é proporcionalmente máis alta nas zonas intermedias de poboación (16,8 %), en contraste co seu peso nos concellos pertencentes a zonas pouco poboadas (12,4 %).**


---

<sup>1</sup> Grao de urbanización (IGE, GU 2016). En: [https://www.ige.gal/web/mostrar\\_paxina.jsp?paxina=003003001&idioma=gl](https://www.ige.gal/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=003003001&idioma=gl)

Pola contra, nas zonas pouco poboadas a porcentaxe de poboación maior ascende ao 41,2 %, mentres que a proporción máis baixa se rexistra nos municipios de zonas intermedias de poboación, nas que a poboación de 60 ou máis anos representa o 30,5 % (33,8 % no conxunto de Galicia).

#### G. 1 POBOACIÓN DE GALICIA SEGUNDO O GRAO DE URBANIZACIÓN POR GRANDES GRUPOS DE IDADE. ANO 2024

Fonte: IGE: Elaboración propia a partir de INE. Censos de poboación e vivendas



O territorio da comunidade autónoma non está habitado de forma uniforme; un indicador desta circunstancia é o feito de que **máis do 75 % da poboación galega reside nas dúas provincias occidentais: A Coruña e Pontevedra.**

Segundo os datos do Censo de poboación e vivendas (2024), en Galicia residen 2.705.833 persoas.

Para os próximos anos, as proxeccións de poboación a curto prazo prevén un lixeiro incremento dos continxentes poboacionais, ata situarse en 2030 en 2.735.013 persoas, para logo comezar a descender novamente, ata os 2.697.267 habitantes previstos para o ano 2039.


Na pirámide de poboación compróbase como a estrutura por idades reflicte un proceso de envellecemento, cunha base estreita, correspondente á infancia e á mocidade, que comeza a ensancharse nos grupos de poboación de 40 a 80 anos.



**Poboación galega 2024: 2.705.833 de habitantes**

## G. 2 PIRÁMIDE DE POBOACIÓN. POBOACIÓN SEGUNDO OS GRUPOS DE IDADE E O SEXO. GALICIA. ANO 2024


Fonte: IGE a partir de datos do INE: Censos de poboación e vivendas



Así, se se distribúe a poboación en tres grandes grupos de idade, pódese comprobar que o peso da poboación de 65 e máis anos (26,43 %) supera en 10 puntos porcentuais a poboación menor de 20 anos (15,97 %). O 57,60 % ten entre 20 e 64 anos.

## G. 3 POBOACIÓN SEGUNDO OS GRANDES GRUPOS DE IDADE. GALICIA. ANO 2024. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL

Fonte: IGE a partir de datos do INE: Censos de poboación e vivendas



Galicia rexistra un saldo vexetativo negativo, en concreto de -18.713 persoas.

A idade media da poboación galega sitúase en 48,16 anos. A esperanza de vida é, ademais, elevada, sendo aos 65 anos de 21,4 anos para o total, cunha diferenza significativa segundo o sexo: as mulleres aos 65 anos poden vivir de media 23,37 anos máis, mentres que no caso dos homes a media descende aos 19,24.

A idade media ao primeiro matrimonio é de case 37 anos entre os homes, dous menos entre a poboación feminina.

#### TÁBOA 1 INDICADORES DEMOGRÁFICOS. GALICIA. ANOS 2022 E 2023

Fonte: IGE. Indicadores demográficos

| INDICADORES                                         | DATO           |
|-----------------------------------------------------|----------------|
| Idade media da poboación (2023)                     | <b>48,16</b>   |
| Saldo vexetativo (2023)                             | <b>-18.713</b> |
| Taxa bruta de mortalidade (2022)                    | <b>12,98</b>   |
| Esperanza de vida aos 65 anos (2022)                | <b>21,4</b>    |
| Esperanza de vida aos 65 anos. Homes (2022)         | <b>19,24</b>   |
| Esperanza de vida aos 65 anos. Mulleres (2022)      | <b>23,37</b>   |
| Taxa bruta de nupcialidade (2022)                   | <b>3,53</b>    |
| Idade media ao primeiro matrimonio. Homes (2022)    | <b>36,95</b>   |
| Idade media ao primeiro matrimonio. Mulleres (2022) | <b>34,88</b>   |

A táboa nº 2 recolle algúns indicadores de fecundidade, a partir das últimas cifras dispoñibles. A idade media á paternidade é tamén superior á idade media á maternidade: case 36 anos no caso dos homes e de 33,26 anos entre as mulleres. Ademais, a idade media da nai ao nacemento do primeiro fillo ou filla é só algo inferior: 32,46 anos.

O número medio de fillos e fillas por muller sitúase en 1, cifra que actualmente non garante a remuda xeracional.

**TÁBOA 2 INDICADORES DE FECUNDIDADE. GALICIA. ANO 2022**

Fonte: IGE. Indicadores demográficos

| INDICADORES                                                        | DATO         |
|--------------------------------------------------------------------|--------------|
| Taxa bruta de natalidade                                           | <b>5,38</b>  |
| Taxa xeral de fecundidade                                          | <b>27,05</b> |
| Idade media á maternidade                                          | <b>33,26</b> |
| Idade media da nai ao nacemento do primeiro fillo ou filla         | <b>32,46</b> |
| Idade media á paternidade                                          | <b>35,76</b> |
| Índice sintético de fecundidade (nº medio de fillos/as por muller) | <b>1</b>     |

**3.1.2. A POBOACIÓN MOZA**

Segundo os últimos datos dispoñibles (2024), a comunidade autónoma de Galicia conta cun total de **404.403 persoas con idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos, o que representa o 14,95 % do total da poboación galega.**

En canto á distribución por sexo, o número de mozos supera o de mozas en algo máis de 9.000; así, eles representan o 51,12 %.

**TÁBOA 3 DISTRIBUCIÓN DO NÚMERO DE PERSOAS MOZAS SEGUNDO O SEXO E OS GRUPOS DE IDADE. GALICIA. ANO 2024**

Nota: %V: valores percentuais verticais (porcentaxes dos grupos de idades dentro de cada sexo).

%H: valores percentuais horizontais (porcentaxes da distribución por sexo dentro de cada grupo de idade).

Fonte: IGE a partir de datos do INE: Censos de poboación e vivendas.

| GRUPOS DE IDADE     | HOME           |               |              | MULLER         |               |              | TOTAL          |              |               |
|---------------------|----------------|---------------|--------------|----------------|---------------|--------------|----------------|--------------|---------------|
|                     | N              | %V            | %H           | N              | %V            | %H           | N              | %V           | %H            |
| <b>14 a 18 anos</b> | 62.448         | 30,21         | 51,35        | 59.154         | 29,93         | 48,65        | 121.602        | 30,07        | 100,00        |
| <b>19 a 22 anos</b> | 48.312         | 23,37         | 51,31        | 45.837         | 23,19         | 48,69        | 94.149         | 23,28        | 100,00        |
| <b>23 a 26 anos</b> | 47.490         | 22,97         | 51,14        | 45.373         | 22,95         | 48,86        | 92.863         | 22,96        | 100,00        |
| <b>27 a 30 anos</b> | 48.490         | 23,45         | 50,62        | 47.299         | 23,93         | 49,38        | 95.789         | 23,69        | 100,00        |
| <b>TOTAL</b>        | <b>206.740</b> | <b>100,00</b> | <b>51,12</b> | <b>197.663</b> | <b>100,00</b> | <b>48,88</b> | <b>404.403</b> | <b>100,0</b> | <b>100,00</b> |

**A franxa de idade de 14 a 18 anos concentra o maior número de persoas mozas (30,07 %)**, se ben que inclúe un intervalo de cinco anos de idade (mentres que os restantes se compoñen de catro anos). Séguelle a cohorte de 27 a 30 anos, con 95.789 mozos e mozas (23,69 %).

Se se analiza o cómputo da poboación por franxas de idade segundo as provincias, reproducése a mesma tendencia, en liñas xerais. Non obstante, na provincia de Pontevedra presenta un peso algo maior a poboación de 19 a 22 que a de 27 a 30 anos.

En consonancia coa distribución do conxunto da poboación galega, constátase unha **concentración das persoas novas nas provincias do eixe atlántico**.

**TÁBOA 4 DISTRIBUCIÓN DE PERSOAS MOZAS POR PROVINCIA SEGUNDO OS GRUPOS DE IDADE. GALICIA. ANO 2024**

Fonte: IGE a partir de datos do INE: Censos de poboación e vivendas

| GRUPOS DE IDADE     | A CORUÑA       | LUGO          | OURENSE       | PONTEVEDRA     |
|---------------------|----------------|---------------|---------------|----------------|
| <b>14 a 18 anos</b> | 51.128         | 12.262        | 11.902        | 46.310         |
| <b>19 a 22 anos</b> | 39.077         | 9.860         | 9.438         | 35.774         |
| <b>23 a 26 anos</b> | 38.985         | 10.247        | 9.541         | 34.090         |
| <b>27 a 30 anos</b> | 40.013         | 10.848        | 10.277        | 34.651         |
| <b>TOTAL</b>        | <b>169.203</b> | <b>43.217</b> | <b>41.158</b> | <b>150.825</b> |

### 3.2. EDUCACIÓN

A evidencia consolidada apunta a educación como un dos instrumentos máis poderosos que se coñecen para reducir a pobreza e a desigualdade, para sentar as bases dun crecemento económico sustentado, unha boa xestión pública e o desenvolvemento dunhas institucións eficaces (Banco Mundial, 2018<sup>2</sup>; UNESCO, 2002<sup>3</sup>).


No conxunto de España, o importante incremento do nivel de formación da poboación moza na última década, determinante na significativa redución do abandono educativo temperán, vese reflectido na evolución do indicador da **porcentaxe de poboación de 20 a 24 anos que alcanzou, polo menos, o nivel de segunda etapa de educación secundaria (ESO), e que no ano 2023 alcanza o 79,01 %**. En Galicia o dato elévase ata o **83,75 %**.

<sup>2</sup> Banco Mundial (2002). Education and development. Washington, DC: World Bank. <http://www1.worldbank.org/education/pdt/EducationBrochure.pdf>

<sup>3</sup> UNESCO. (2002). Global Campaign For Education Briefing Paper For The Johannesburg World Summit, 2002. <https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000127100>

**G. 4 EVOLUCIÓN DA PORCENTAXE DE POBOACIÓN DE 20 A 24 ANOS QUE ALCANZOU A SEGUNDA ETAPA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA, SEGUNDO A COMUNIDADE AUTÓNOMA E TOTAL ESTATAL. ANOS 2023, 2018 E 2013**

Fonte: Explotación das variables educativas da Enquisa de Poboación Activa (INE). Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes



A seguinte táboa recolle os datos do número de persoas matriculadas en ensinanzas non universitarias e universitarias en Galicia<sup>4</sup>.

**TÁBOA 5 ALUMNADO MATRICULADO EN GALICIA SEGUNDO O TIPO DE ENSINANZA POR SEXO**

Fonte: IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

| TIPO DE ENSINANZA                                           | TOTAL   | HOMES   | MULLERES |
|-------------------------------------------------------------|---------|---------|----------|
| Alumnado matriculado no ensino non universitario (ano 2024) | 381.337 | 197.379 | 183.958  |
| Alumnado matriculado no ensino universitario (ano 2023)     | 61.727  | 27.125  | 34.602   |

<sup>4</sup> Todos os datos estatísticos deste apartado correspóndense coas últimas cifras estatísticas publicadas. A anualidade de referencia correspóndese cos do curso académico que remata nese ano.



A cifra total de alumnado matriculado no ensino non universitario no ano 2024 mantense con respecto ao ano anterior; aumentou substancialmente o alumnado que estuda formación profesional, tanto a FP Básica como os ciclos ordinarios e, en especial, os ciclos formativos de persoas adultas, tal e como pode comprobarse na táboa nº 6.



# 381.337

## Alumnado matriculado na ensinanza non universitaria en 2024

### TÁBOA 6 ALUMNADO MATRICULADO EN ENSINANZAS NON UNIVERSITARIAS DE RÉXIME XERAL EN GALICIA. ANOS 2024 E 2023. VALORES ABSOLUTOS E TAXA DE VARIACIÓN

Fonte: IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

|                                                    | ANO 2023       | ANO 2024       | VARIACIÓN %<br>2023-2024 |
|----------------------------------------------------|----------------|----------------|--------------------------|
| <b>Total</b>                                       | <b>381.014</b> | <b>381.337</b> | <b>0,08</b>              |
| Educación infantil                                 | 52.997         | 50.129         | -5,41                    |
| Educación primaria                                 | 130.196        | 128.899        | -1,00                    |
| Educación secundaria obrigatoria (ESO)             | 96.716         | 98.018         | 1,35                     |
| Bacharelato ordinario                              | 33.074         | 32.801         | -0,83                    |
| Formación profesional básica                       | 4.743          | 4.815          | 1,52                     |
| Ciclos formativos de grao medio ordinarios         | 15.881         | 16.293         | 2,59                     |
| Ciclos formativos de grao superior ordinarios      | 19.106         | 19.605         | 2,61                     |
| Programas de cualificación profesional inicial     | -              | -              | -                        |
| Bacharelato de persoas adultas                     | 3.350          | 3.094          | -7,64                    |
| Ciclos formativos de grao medio persoas adultas    | 6.987          | 7.458          | 6,74                     |
| Ciclos formativos de grao superior persoas adultas | 11.646         | 13.770         | 18,24                    |
| Ensinanzas básicas iniciais e ESO persoas adultas  | 4.867          | 4.855          | -0,25                    |
| Educación especial                                 | 1.201          | 1.296          | 7,91                     |
| Programas formativos                               | 231            | 244            | 5,63                     |

Con respecto ao **ensino universitario**, no curso 2022-2023 matriculáronse nas universidades galegas 61.727 alumnas e alumnos. O 56,06 % son mulleres.

A distribución do alumnado por áreas científicas segundo o sexo mostra que a presenza de mulleres segue a ser maior que a dos homes en todas as ramas –en especial, en Ciencias da Saúde (74,46 %)– coa excepción da rama de enxeñería e arquitectura, na que a porcentaxe de alumnas se sitúa por debaixo do 30 %.



# 61.727

Alumnado matriculado na ensinanza universitaria en 2023

## TÁBOA 7 ALUMNADO MATRICULADO NAS UNIVERSIDADES GALEGAS SEGUNDO A ÁREA CIENTÍFICA. ANO 2023. VALORES ABSOLUTOS E DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL POR SEXO

Fonte: IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional


| ÁREA CIENTÍFICA                     | TOTAL         | HOMES        | MULLERES     |
|-------------------------------------|---------------|--------------|--------------|
| <b>Total</b>                        | <b>61.727</b> | <b>43,94</b> | <b>56,06</b> |
| <b>Ciencias da Saúde</b>            | 10.475        | 25,54        | 74,46        |
| <b>Ciencias</b>                     | 6.160         | 47,24        | 52,76        |
| <b>Ciencias Sociais e Xurídicas</b> | 26.164        | 38,78        | 61,22        |
| <b>Enxeñería e Arquitectura</b>     | 13.140        | 72,31        | 27,69        |
| <b>Artes e Humanidades</b>          | 5.788         | 32,71        | 67,29        |

O **abandono temperán dos estudos** é un dos asuntos máis relevantes en materia educativa, polas súas repercusións evidentes na adquisición de coñecementos e competencias por parte dos mozos e mozas, e de cara ao seu desenvolvemento vital e profesional.

**En Galicia, a taxa de abandono educativo é máis reducida que a media estatal en toda a serie histórica e sitúase no 10,8 % en 2024.** A diferenza por sexo é significativa: un 6,5 % das mulleres abandonaron o sistema educativo, fronte a un 15 % dos homes.

**G. 5 TAXA DE ABANDONO EDUCATIVO TEMPERÁN. POBOACIÓN ENTRE 18 E 24 ANOS QUE NON COMPLETOU O NIVEL DE EDUCACIÓN SECUNDARIA (SEGUNDA ETAPA) E NON SEGUE NINGÚN TIPO DE FORMACIÓN (REGRADA OU NON REGRADA). GALICIA. EVOLUCIÓN 2015-2024**


Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa



Como se acaba de indicar e se reflicte na seguinte gráfica, **as taxas para Galicia son inferiores á media do conxunto de España** en toda a serie histórica desde o ano 2015. **En 2024 a media estatal situouse no 13%, 2,2 puntos por enriba da taxa galega.**

**G. 6 TAXA DE ABANDONO EDUCATIVO TEMPERÁN. POBOACIÓN ENTRE 18 E 24 ANOS QUE NON COMPLETOU O NIVEL DE EDUCACIÓN SECUNDARIA (SEGUNDA ETAPA) E NON SEGUE NINGÚN TIPO DE FORMACIÓN (REGRADA OU NON REGRADA). GALICIA E ESPAÑA. EVOLUCIÓN 2015-2024**

Fonte: INE



### 3.3. OS FOGARES EN GALICIA. ESTRUCTURA E SITUACIÓN

Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, en 2024 Galicia contaba con 1.103.241 fogares. Nun marco temporal de quince anos, esta cifra aumentaría a 1.168.864, o que supón un incremento do 5,95 %.

En 2024, **os fogares constituídos por unha parella con fillos e fillas son, xunto cos unipersoais, os tipos máis habituais**: 29,75 % e 29,06 %, respectivamente.

En 2039 aumentarán aínda máis os integrados por unha única persoa: 7,53 % máis; tendencia que tamén experimentarán os dunha parella sen fillos/as, que se incrementarán case un 11 %.

**En 878.882 fogares galegos, o 79,66 % do total, non reside ningunha persoa menor de 16 anos.** A porcentaxe máis alta de fogares sen persoas menores de 16 anos dáse na provincia de Ourense (83,85 %) e a máis baixa en Pontevedra (77,88 %).



**TÁBOA 8 FOGARES PROXECTADOS PARA 2024-2039 SEGUNDO A SÚA TIPOLOXÍA. NÚMERO, PORCENTAXE E TAXA DE VARIACIÓN**

Fonte: IGE. Proxección de fogares

|                               | 2024             | 2039             | % TIPO DE FOGAR 2024 | % TIPO DE FOGAR 2039 | EVOLUCIÓN RELATIVA |
|-------------------------------|------------------|------------------|----------------------|----------------------|--------------------|
| <b>Total</b>                  | <b>1.103.241</b> | <b>1.168.864</b> | <b>100,00</b>        | <b>100,00</b>        | <b>5,95</b>        |
| <b>Unipersoais</b>            | 320.628          | 344.765          | 29,06                | 29,50                | 7,53               |
| <b>Parellas sen fillos/as</b> | 223.490          | 247.702          | 20,26                | 21,19                | 10,83              |
| <b>Parellas con fillos/as</b> | 328.251          | 333.624          | 29,75                | 28,54                | 1,64               |
| <b>Unidades monoparentais</b> | 104.310          | 109.866          | 9,45                 | 9,40                 | 5,33               |
| <b>Outros</b>                 | 126.561          | 132.907          | 11,47                | 11,37                | 5,01               |

No ano 2023 o ingreso medio mensual dos fogares galegos situouse moi preto dos **2.700 euros**, un 5,9 % máis que o ano anterior. Rexístrase un incremento do ingreso medio mensual nas catro provincias galegas, en especial en Ourense e Pontevedra.



**2.698 €**

Ingreso medio mensual do fogar (2023)

#### TÁBOA 9 MEDIA E MEDIANA DE INGRESOS MENSUAIS. ANOS 2022 E 2023. EUROS E TAXA DE VARIACIÓN

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares

| INGRESO MEDIO MENSUAL POR FOGAR (€) |       |       |                   | MEDIANA DE INGRESOS MENSUAIS POR FOGAR (€) |       |                   |
|-------------------------------------|-------|-------|-------------------|--------------------------------------------|-------|-------------------|
| Espazo                              | 2022  | 2023  | Taxa de variación | 2022                                       | 2023  | Taxa de variación |
| <b>Galicia</b>                      | 2.548 | 2.698 | 5,89              | 2.300                                      | 2.462 | 7,04              |
| <b>A Coruña</b>                     | 2.631 | 2.754 | 4,68              | 2.368                                      | 2.500 | 5,57              |
| <b>Lugo</b>                         | 2.564 | 2.676 | 4,37              | 2.289                                      | 2.392 | 4,50              |
| <b>Ourense</b>                      | 2.249 | 2.419 | 7,56              | 2.088                                      | 2.200 | 5,36              |
| <b>Pontevedra</b>                   | 2.545 | 2.738 | 7,58              | 2.316                                      | 2.561 | 10,58             |

**Con todo, a metade dos fogares galegos ingresa menos de 2.462 euros ao mes.** Con respecto ao ano 2022, a mediana de ingresos rexistrou un aumento do 7 %.

No 28,85 % dos fogares o 100 % dos seus ingresos provén das prestacións. Na provincia de Ourense esta porcentaxe acada o 35,34 %. Ademais, para o 41,26 % dos fogares as prestacións representan máis da metade dos seus ingresos.

O 15,88 % dos fogares ten gasto en hipoteca da vivenda principal, cun gasto medio de 466,19 euros ao mes. Por provincias, Pontevedra é a que conta cunha maior porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca (18,19 %). O maior gasto medio mensual en hipoteca da vivenda principal rexístrase na provincia de Pontevedra, con 482,12 euros mensuais.

No que atinxe ao alugueiro, o 16,15 % dos fogares ten gasto en alugueiro da vivenda principal e o gasto medio mensual sitúase en 413,86 euros ao mes, unha vez tidas en conta as axudas públicas e descontados os gastos correntes que aparezan incluídos no recibo (comunidade, auga etc.). Por provincias, A Coruña é a que presenta unha maior porcentaxe de fogares con gasto en alugueiro (19,28 %) e Pontevedra a que rexistra un maior gasto medio mensual neste concepto (438,54 euros/mes).

### 3.4. TAXA DE RISCO DE POBREZA

En 2023 o 17,29 % da poboación residente en Galicia estaba en risco de pobreza ou exclusión social, o que supón unha diminución de 1,33 puntos respecto ao ano anterior. Segundo os grupos de idade, as taxas máis elevadas en 2023 corresponden ás persoas de 25 a 49 anos e a menores de 16 anos. A porcentaxe reduciuse en todos os intervalos de idade, aínda que o descenso é moi pouco significativo na poboación de 25 a 49 anos.

**TÁBOA 10 TAXA DE RISCO DE POBREZA OU EXCLUSIÓN SOCIAL (ESTRATEGIA EUROPA 2030) SEGUNDO OS GRUPOS DE IDADE. GALICIA. ANOS 2021, 2022 E 2023**


Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares

| IDADE                     | 2021         | 2022         | 2023         |
|---------------------------|--------------|--------------|--------------|
| <b>Total</b>              | <b>19,22</b> | <b>18,62</b> | <b>17,29</b> |
| <b>Menos de 16 anos</b>   | 25,01        | 23,95        | 21,41        |
| <b>16-24 anos</b>         | 18,42        | 18,20        | 16,67        |
| <b>25-49 anos</b>         | 23,43        | 21,66        | 21,52        |
| <b>50-64 anos</b>         | 12,88        | 12,38        | 11,15        |
| <b>De 65 ou máis anos</b> | 25,01        | 23,95        | 21,41        |

O gráfico nº 7 reflicte as taxas de risco de pobreza da mocidade de 18 a 34 anos segundo vivan ou non no fogar familiar. Como pode comprobarse, o risco de pobreza é superior entre as mozas e os mozos emancipados: 17,10 %, fronte a un 13,90 % da mocidade que aínda vive cos e coas proxenitoras.

**G. 7 TAXA DE RISCO DE POBREZA DA MOCIDADE DE 18 A 34 ANOS SEGUNDO VIVAN OU NON COS/AS PROXENITORES/AS. GALICIA. ANO 2023**

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares



### 3.5. ÁMBITO LABORAL

A situación da mocidade no eido laboral é unha dimensión fundamental de estudo en clave diagnóstica no marco dun plan estratéxico de xuventude; un aspecto central que convén coñecer polo que atinxe ao desenvolvemento persoal e á traxectoria vital das persoas e, de modo especial, en termos de emancipación.

Segundo datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA) correspondentes ao cuarto trimestre de 2024, **a taxa de actividade da poboación de 16 a 29 anos cífrase no 49,5 % e nun 40,5 % a de ocupación. A taxa de paro sitúase no 18,1 %.**

En comparanza coa poboación xeral, a mocidade presenta unha menor taxa de ocupación e actividade e maior taxa de desemprego. A taxa de actividade entre a poboación xeral cífrase no 53,1% nese mesmo período, e a de ocupación no 48,5%, mentres que a taxa de paro se sitúa no 8,7%, 9,4 puntos inferior á da poboación de 16 a 29 anos.

Se se analizan as taxas correspondentes á poboación moza segundo a idade e o sexo, compróbase que as taxas de actividade tanto para mozas como para mozos superan o 80 % entre os 25 e os 29 anos. A taxa de ocupación é máis elevada entre as mozas de 25 a 29 anos que entre os mozos desas mesmas idades e, pola contra, entre eles a ocupación é maior que nas mulleres entre os 16 e os 24 anos.

A taxa de paro feminina é superior á masculina: 20,1 % e 16,2 %, respectivamente. En ambos os dous sexos é máis significativa entre os e as menores de 25 anos, especialmente entre as mozas (29,3 %).

#### TÁBOA 11 TAXAS DE ACTIVIDADE, OCUPACIÓN E PARO DA POBOACIÓN DE 16 A 29 ANOS SEGUNDO O SEXO E OS GRUPOS DE IDADE. GALICIA. IV TRIMESTRE 2024

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

| GRUPOS DE IDADE E SEXO            | TAXA DE ACTIVIDADE | TAXA DE OCUPACIÓN | TAXA DE PARO |
|-----------------------------------|--------------------|-------------------|--------------|
| <b>TOTAL (de 16 a 29 anos)</b>    | <b>49,5</b>        | <b>40,5</b>       | <b>18,1</b>  |
| De 16 a 24 anos                   | 30,7               | 23,3              | 24           |
| De 25 a 29 anos                   | 84,2               | 72,4              | 14,1         |
| <b>HOMES (de 16 a 29 anos)</b>    | <b>49,4</b>        | <b>41,4</b>       | <b>16,2</b>  |
| De 16 a 24 anos                   | 32,6               | 26,2              | 19,6         |
| De 25 a 29 anos                   | 81,2               | 70,2              | 13,6         |
| <b>MULLERES (de 16 a 29 anos)</b> | <b>49,5</b>        | <b>39,5</b>       | <b>20,1</b>  |
| De 16 a 24 anos                   | 28,8               | 20,3              | 29,3         |
| De 25 a 29 anos                   | 87,4               | 74,7              | 14,5         |

Se se observa a distribución por sexo das cifras absolutas de poboación segundo a relación coa actividade económica, compróbase que o número de homes supera o de mulleres nas situacións de actividade, ocupación e inactividade. Porén, o número de mozos desempregados é menor.

**TÁBOA 12 POBOACIÓN DE 16 A 29 ANOS SEGUNDO A RELACIÓN COA ACTIVIDADE ECONÓMICA POR SEXO. GALICIA. IV TRIMESTRE 2024. VALORES ABSOLUTOS EN MILES E DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL POR SEXO**

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

| RELACIÓN COA ACTIVIDADE ECONÓMICA             | TOTAL        | HOMES %      | MULLERES %   |
|-----------------------------------------------|--------------|--------------|--------------|
| <b>Total</b>                                  | <b>335,1</b> | <b>171,8</b> | <b>163,3</b> |
| <b>Poboación activa</b>                       | 165,7        | 84,9         | 80,8         |
| <b>Poboación ocupada</b>                      | 135,8        | 71,2         | 64,5         |
| <b>Poboación parada</b>                       | 30,0         | 13,7         | 16,2         |
| • Persoas en paro que buscan primeiro emprego | 7,3          | 3,1          | 4,1          |
| • Persoas paradas que xa traballaron          | 22,7         | 10,6         | 12,1         |
| <b>Persoas inactivas</b>                      | 169,4        | 86,9         | 82,5         |

Das 135.800 persoas mozas que traballaron no cuarto trimestre de 2024 en Galicia, a gran maioría facíao a xornada completa (98.200). Contrastan os datos segundo o sexo, o que dá conta das diferenzas de xénero aínda persistentes no mercado laboral, tamén entre a xente máis nova: máis da metade das persoas que traballaban a xornada parcial eran mulleres (o 61,17 %, fronte a un 38,83 % de homes).

**TÁBOA 13 POBOACIÓN DE 16 A 29 ANOS SEGUNDO O TIPO DE XORNADA POR SEXO. GALICIA. IV TRIMESTRE 2024. VALORES ABSOLUTOS EN MILES E DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL POR SEXO**

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa


| TIPO DE XORNADA | TOTAL        | HOMES %       | MULLERES %    |
|-----------------|--------------|---------------|---------------|
| <b>Total</b>    | <b>135,8</b> | <b>52,43%</b> | <b>47,50%</b> |
| <b>Completa</b> | 98,2         | 57,64%        | 42,26%        |
| <b>Parcial</b>  | 37,6         | 38,83%        | 61,17%        |



En canto aos sectores de actividade económica nos que se emprega a poboación ocupada de 16 a 29 anos, conséntase un **peso abrumador dos servizos (no que a maioría son mozas)**, seguido a moita distancia da industria (un sector claramente masculinizado). A construción e, por último, a agricultura e a pesca, son os sectores con menor nivel de ocupación de persoas novas.

#### G. 8 POBOACIÓN OCUPADA DE 16 A 29 ANOS SEGUNDO O SECTOR ECONÓMICO POR SEXO. GALICIA. IV TRIMESTRE 2024. VALORES ABSOLUTOS EN MILES

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa



**Das 127.200 persoas asalariadas de 16 a 29 anos no 4º trimestre de 2024, 86.400 estaban vinculadas á empresa por medio dun contrato indefinido (67,92 %).** A contratación indefinida é máis frecuente entre os 25 e os 29 anos que entre os 16 e os 24 anos, neste último caso cun maior número de contratos temporais. Das 40.800 persoas contratadas temporalmente a maioría son mozas: 23.900, o que representa o 58,58 % do total.

**TÁBOA 14 POBOACIÓN ASALARIADA DE 16 A 29 ANOS SEGUNDO A MODALIDADE DE CONTRATACIÓN OU RELACIÓN LABORAL POR SEXO E GRUPOS DE IDADE. GALICIA. IV TRIMESTRE 2024. VALORES ABSOLUTOS EN MILES**

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

| GRUPOS DE IDADE E SEXO            | TOTAL        | DURACIÓN INDEFINIDA | DURACIÓN TEMPORAL |
|-----------------------------------|--------------|---------------------|-------------------|
| <b>TOTAL (de 16 a 29 anos)</b>    | <b>127,2</b> | <b>86,4</b>         | <b>40,8</b>       |
| De 16 a 24 anos                   | 48,3         | 26,8                | 21,5              |
| De 25 a 29 anos                   | 78,9         | 59,6                | 19,3              |
| <b>HOMES (de 16 a 29 anos)</b>    | <b>64,1</b>  | <b>44,8</b>         | <b>19,3</b>       |
| De 16 a 24 anos                   | 65,4         | 48,5                | 16,9              |
| De 25 a 29 anos                   | 27,1         | 17,1                | 10                |
| <b>MULLERES (de 16 a 29 anos)</b> | <b>61,8</b>  | <b>37,9</b>         | <b>23,9</b>       |
| De 16 a 24 anos                   | 21,2         | 9,7                 | 11,5              |
| De 25 a 29 anos                   | 40,6         | 28,2                | 12,4              |

### 3.6. EMANCIPACIÓN

Unha das dimensións esenciais na transición á idade adulta pasa pola emancipación.

Segundo recolle o Informe executivo do Observatorio da Emancipación correspondente ao segundo trimestre de 2023, a taxa de emancipación en España situouse no 17 %, a mellor cifra desde mediados de 2020.


Isto supuxo 236.333 persoas mozas máis vivindo fóra do fogar familiar que un ano antes e unha suba na taxa de emancipación de máis dun punto porcentual. Esta mellora da taxa de emancipación, que beneficiou sobre todo aos homes novos, estivo acompañada dunha baixada na taxa de desemprego, que era a menor para un segundo semestre desde 2007, e dun aumento do 4 % do salario mediano dunha persoa nova.

Con todo, os prezos da vivenda experimentaron unha importante suba, de tal maneira que no semestre de referencia os prezos das vivendas en alugueiro se encareceron un 10 % nun ano, mentres que en réxime de compravenda fixérono nun 5,3 %. As subministracións, pola súa banda, sufriron unha subida de prezo do 17,3 % nun ano. Estes prezos cada vez máis altos fixeron que, a pesar de que houbo unha maior porcentaxe de persoas mozas emancipadas, foi menor o número das que o facían en solitario.

No segundo semestre de 2023, o 16 % da poboación moza galega estaba emancipada, un punto por debaixo da media estatal. Con respecto ao mesmo período do ano anterior apenas se rexistra variación, pois a finais de 2022 a taxa situábase no 15,7 %.

#### G. 9 TAXAS DE EMANCIPACIÓN RESIDENCIAL DA POBOACIÓN DE 16 A 29 ANOS. GALICIA E ESPAÑA. SEGUNDO SEMESTRE DE 2023

Fonte: Observatorio de Emancipación. Consejo de la Juventud de España



Como reflicte o seguinte mapa, Galicia presenta un nivel de emancipación medio, na comparativa coas restantes comunidades autónomas, con valores semellantes aos de Castela e León, Navarra e a Comunidade Valenciana.




**16%**


Xuventude emancipada en Galicia (segundo semestre de 2023)

#### MAPA 1 TAXA DE EMANCIPACIÓN RESIDENCIAL DA POBOACIÓN DE 16 A 29 ANOS. COMPARATIVA AUTONÓMICA. SEGUNDO SEMESTRE DE 2023

Fonte: Observatorio de Emancipación. Consello da Xuventude de España.




Segundo datos da Enquisa estrutural a fogares, **o 60,31 % da mocidade galega de 18 a 34 anos vive cos/as seus/súas proxenitores/as**: un 56,54 % das mozas e un 64,01 % dos mozos; porcentaxes que experimentaron unha redución con respecto a dez anos antes, tal e como reflicte o gráfico nº 10.



**G. 10 MOCIDADE QUE VIVE COS/AS PROXENITORES/AS SEGUNDO O SEXO E OS GRUPOS DE IDADE. GALICIA. INCIDENCIA<sup>5</sup>. ANOS 2023 E 2013**

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares



**TÁBOA 16 MOCIDADE QUE VIVE COS/AS SEUS PROXENITORES/AS SEGUNDO O SEU NIVEL DE INGRESOS MENSUAIS POR GRUPOS DE IDADE. ANO 2023**

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares


| NIVEL DE INGRESOS          | DE 18 A 24 ANOS % | DE 25 A 34 ANOS % | TOTAL %       |
|----------------------------|-------------------|-------------------|---------------|
| Sen ingresos               | 42,74             | 13,48             | 30,49         |
| Ata 200,00 euros           | 17,3              | 5,98              | 12,56         |
| De 200,01 a 600,00 euros   | 21,51             | 14,01             | 18,37         |
| De 600,01 a 1.000,00 euros | 6,9               | 14,23             | 9,97          |
| Máis de 1.000,00 euros     | 11,55             | 52,3              | 28,62         |
| <b>Total</b>               | <b>100,00</b>     | <b>100,00</b>     | <b>100,00</b> |

<sup>5</sup> A incidencia calcúlase, para cada grupo de idade e sexo, como a porcentaxe de mozos e mozas que viven cos pais/nais sobre o total da poboación de mozas e mozos nese grupo de idade e sexo.

Por outra, parte, no ano 2023 **só un 6 % dos fogares (66.488) estaba composto por persoas novas**. Os gráficos nº 11 e nº 12 mostran a evolución dos fogares galegos compostos na súa totalidade por persoas menores de 35 anos. Como pode comprobarse, tanto o número como a incidencia (a porcentaxe sobre o total de fogares) experimentaron un incremento en 2023 en comparanza co ano anterior, aumento que vén sendo continuo desde o ano 2020, tras unha tendencia á baixa desde o ano 2013.


#### G. 11 FOGARES COMPOSTOS INTEGRAMENTE POR PERSOAS MENORES DE 35 ANOS. EVOLUCIÓN ANOS 2013-2023. VALORES ABSOLUTOS

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares



#### G. 12 FOGARES COMPOSTOS INTEGRAMENTE POR PERSOAS MENORES DE 35 ANOS. EVOLUCIÓN ANOS 2013-2023. INCIDENCIA<sup>6</sup>

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares



<sup>6</sup> A incidencia calcúlase como a porcentaxe dos fogares compostos por persoas menores de 35 anos sobre o total de fogares.

### 3.7. SAÚDE E BENESTAR

Segundo a OMS, unha de cada sete persoas mozas de 10 a 19 anos ten algún problema de saúde mental en todo o mundo<sup>7</sup>. A pandemia da Covid-19 agravou problemas existentes aos que non se lles prestou a atención necesaria, á vez que foi causante doutros novos, provocando un aumento do 47 % nos trastornos de saúde mental en menores de idade<sup>8</sup>.

Tal e como recolle un informe de UNICEF<sup>9</sup>, a ansiedade e a depresión representan ao redor do 40 % dos problemas de saúde mental na infancia e na mocidade, ao que hai que sumar outras situacións de malestar psicosocial de nenas, nenos e adolescentes que non chegan a constituír problemas mentais, pero si perturba a súa vida, a súa saúde e as súas expectativas de futuro.

Un estudo realizado en España, no marco do Proxecto PsiCE<sup>10</sup>, reflicte que o 9,3 % das 14.000 alumnas e alumnos de entre 12 e 19 anos entrevistados en diferentes comunidades –entre as que se atopa Galicia– admite que intentou suicidarse, o 24,4 % xa acudiu algunha vez a unha persoa profesional da psicoloxía e o 9,8 % sente depresión ou desánimo a diario.

En Galicia, entre os anos 2020 e 2021 realizouse unha enquisa a unha ampla mostra de escolares da ESO<sup>11</sup>, de idades comprendidas entre os 11 e os 18 anos, sondaxe que forma parte do estudo de ámbito estatal impulsado pola UNICEF: "Impacto de la tecnología en la adolescencia. Relaciones, riesgos y oportunidades. Un estudio comprensivo e inclusivo hacia el uso saludable de las TRIC".<sup>12</sup> Segundo os datos para Galicia deste estudo, e tras a utilización da escala de *screening* para a medición do risco de depresión e ideación suicida, PHQ-9, o 15,9 % do alumnado galego de ESO presentaba síntomas de depresión grave ou moderadamente grave. A taxa de ideación suicida sitúase no 10,6 %. Con todo, o axuste emocional parece axeitado, xa que os e as adolescentes de 11 a 18 anos que cursan a ESO obteñen unha media de 7,6 na escala de benestar emocional, de 8,4 na de integración social e de 7,5 na de satisfacción vital (gráfico nº 13).

<sup>7</sup> Organización Mundial da Saúde. La salud mental de los adolescentes. <https://www.who.int/es/news-room/fact-sheets/detail/adolescent-mental-health>

<sup>8</sup> Asociación Española de Pediatría. Comunicado do Grupo de Trabajo Multidisciplinar sobre Salud Mental en la Infancia y Adolescencia. 2022. [https://www.aeped.es/sites/default/files/20220407\\_np\\_salud\\_mental\\_infancia\\_y\\_adolescencia.pdf](https://www.aeped.es/sites/default/files/20220407_np_salud_mental_infancia_y_adolescencia.pdf)

<sup>9</sup> Fondo das Nacións Unidas para a Infancia, Estado Mundial da Infancia 2021: En mi mente: Promover, proteger y cuidar la salud mental de la infancia, UNICEF, Nueva York, enero de 2022.


<sup>10</sup> Proxecto PsiCE – Psicoloxía en Contextos Educativos (COP-España). Trátase do maior estudo no contexto educativo a nivel nacional e internacional.

<sup>11</sup> Tamaño da mostra na comunidade autónoma de Galicia: 3.165 adolescentes. Tamaño da mostra global (España): 41.509 adolescentes (de 11 a 18 anos).

<sup>12</sup> Unicef. Universidade de Santiago de Compostela e Consello Xeral de Colexios Profesionais de Enxeñaría en Informática de España. Impacto de la tecnología en la adolescencia. Relaciones, riesgos y oportunidades. Un estudio comprensivo e inclusivo hacia el uso saludable de las TRIC. 2021. <https://www.unicef.es/sites/unicef.es/files/educa/TRIC/ESTUDIO-TRIC-GALICIA.pdf>

### G. 13 GRAO DE BENESTAR EMOCIONAL DO ALUMNADO DA ESO. GALICIA. ANO 2021

Fonte: UNICEF. Impacto de la tecnología en la adolescencia. Relaciones, riesgos y oportunidades. Un estudio comprensivo e inclusivo hacia el uso saludable de las TRIC. Galicia. 2021



En canto ao **acoso escolar e o ciberacoso**, este mesmo estudo revela que un 3,5 % dos e das adolescentes declara que está sufrindo acoso escolar e un 1,6 % ciberacoso. A isto hai que engadir que o 23,1 % foi vítima de acoso nalgún momento da súa vida e un 7,6 % de ciberacoso. Estas cifras, non obstante, están infradimensionadas (segundo recolle o propio estudo), posto que a mesma investigación utiliza uns cuestionarios específicos de detección que poñen de manifesto que a taxa de vitimización se situaría nun 20 % para o acoso escolar e nun 11,9 % para o ciberacoso.

Polo que atinxe ao **consumo de substancias tóxicas**, os datos dispoñibles apuntan que:

- » En Galicia, segundo datos do 2023 do Sistema de Información sobre Condutas de Risco da Dirección Xeral de Saúde Pública, a prevalencia de consumo de cánnabis é do 6,3% na poboación de 16 a 24 anos<sup>13</sup>. Outros datos apuntan a que a porcentaxe de adolescentes escolares de 14 a 18 anos que consumiu cánnabis nos últimos doce meses alcanzou o 24,70 %, taxa superior á española (21,73 %), e cun maior consumo por parte dos rapaces: 26,76 %, fronte ao 22,43 % das rapazas<sup>14</sup>.
- » En canto ao consumo intensivo de alcohol entre a xuventude –o denominado *binge drinking*–, o dato dispoñible para o conxunto de España indica que nos últimos doce meses consumiron cando menos unha vez ao mes esta substancia de xeito intensivo o 11,29 % dos mozos e das mozas de 15 a 24 anos<sup>15</sup>. En Galicia, segundo datos do SICRI do

<sup>13</sup> Sistema de Información sobre Condutas de Risco (SICRI). Enquisa sobre condutas de risco da poboación galega. 2023. <https://www.sergas.es/Saude-publica/SICRI-2023>.

<sup>14</sup> Extraído do INCLASNS (Indicadores clave do Sistema Nacional de Salud). Porcentaxe de persoas enquisadas que declaran consumir cánnabis nos últimos doce meses. Fonte: Enquisa sobre Uso de Drogas en Enseñanzas Secundarias en España (ESTUDES). Delegación del Gobierno para el Plan Nacional sobre Drogas. Ministerio de Sanidad.

<sup>15</sup> Extraído do INCLASNS. (Indicadores clave do Sistema Nacional de Salud). Fonte: Encuesta Nacional de Salud de España (ENSE)/ Encuesta Europea de la Salud (EES). Ministerio de Sanidad e Instituto Nacional de Estadística (INE).

ano 2023, o 13 % dos menores de 25 anos practica *binge drinking*; máis os rapaces (17 %) que as rapazas (9 %). A prevalencia deste consumo excesivo e perigoso aumenta coa idade e alcanza o 19 % entre a mocidade de 21 a 24 anos.

### 3.8. OUTROS ÁMBITOS DE INTERESE

#### 3.8.1. USO DO GALEGO

Segundo datos dunha enquisa realizada pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en 2024 a unha mostra representativa de 1.200 familias con fillos e fillas en idade escolar nas etapas de educación primaria e secundaria. Enquisa percepción social galego<sup>16</sup>, **unha ampla maioría dos rapaces e rapazas emprega o galego, o castelán e outras linguas nas súas interaccións e só 3 de cada 10 adoitan comunicarse unicamente en castelán.**

Ademais, o galego é unha lingua amplamente coñecida entre os rapaces e as rapazas, xa que o 94,5 % das familias afirma que os seus fillos e fillas saben falalo.

Un 67,5 % das nais e pais consultados sinala que os seus fillos e fillas empregan o galego de xeito cotián.

Ademais, o 62,8 % das familias está satisfeito ou moi satisfeito co uso actual do galego no sistema educativo de Galicia.



**67,5 %**

Porcentaxe de familias que sinala que os seus fillos e fillas empregan o galego de xeito cotián

Segundo os últimos datos que reflicte a enquisa realizada polo Instituto Galego de Estatística sobre o uso da lingua galega, o galego continúa a ter unha presenza social moi relevante e é a lingua cooficial maioritaria no territorio. Así, 7 de cada 10 persoas comunícanse en galego (69,25 %) e só un 29,20 % da poboación manifesta utilizar unicamente o castelán.

Estes datos reflicten que o galego é o idioma cos niveis de competencia máis elevados de todas as comunidades autónomas con lingua cooficial, xa que o 93,37 % da poboación o entende; o 96,35 % o sabe ler; o 94,62 % o sabe falar; e o 84,35 % sabe escribilo.

<sup>16</sup> Enquisa realizada entre o 22 de outubro e o 27 de novembro de 2024 para o seu emprego como documento de traballo polas comisións de renovación do Plan xeral de normalización da lingua galega: [Enquisa percepción social galego](#)



Por franxas de idade cómpre destacar que en canto á ensinanza do galego, aprendeu a falar a lingua na escola o 95,74 % das persoas entre os 5 e os 29 anos; ademais, **no tramo que vai dos 15 aos 29 anos, a enquisa reflicte que sabe falar moito ou bastante galego no 84,52 % dos casos**; e só un 16,60 % das persoas manifesta saber falar pouco ou nada de galego.

### 3.8.2. A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN. IMPACTO DA TECNOLOXÍA

As Tecnoloxías para a Relación, a Información e a Comunicación (TRIC) estenden a experiencia vital ao mundo virtual sen que as consecuencias destas accións na vida e no ambiente sexan percibidas de forma consciente e inmediata como no mundo analóxico. Na actualidade, gran parte das interaccións sociais teñen lugar no mundo virtual, polo que é especialmente importante incluír a "R" das "relacións" na análise sobre o impacto da tecnoloxía na vida das persoas, especialmente na dos e das adolescentes.

Dispoñer de máis ferramentas dixitais e un maior acceso ás redes sociais ofrécelles ás persoas novas maiores oportunidades, pero tamén supón unha exposición maior aos riscos da rede. Así, na actualidade a dixitalización require un maior investimento de tempo e recursos destinados a:


- » Garantir o acceso equitativo aos recursos tecnolóxicos.
- » Mellorar as competencias dixitais.
- » Promover o desenvolvemento dun ambiente protector no eido dixital.
- » Sensibilizar e educar todos os actores (familias, centros educativos, institucións e empresas), nenas, nenos e adolescentes, para fomentar o uso seguro e responsable das tecnoloxías.

En 2024, **o 95,1 % das vivendas galegas tiña acceso á banda larga. Non obstante, a porcentaxe de fogares con conexión a internet era do 86,73 % (2023).**

Segundo os datos do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), **o uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses**, como teléfono móbil con acceso a Internet, ordenador etc. é moi elevado en toda a poboación, con valores superiores ao 90 %, agás na poboación maior. Con todo, as persoas máis novas son as que maior uso fan destes dispositivos, **chegando case ao 100 % por debaixo dos 45 anos.**

#### G. 14 USO DE DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO OS GRUPOS DE IDADE. GALICIA. ANO 2023

Fonte: Galicia. A nosa vida en dixital. A sociedade da información nos fogares galegos. Ano 2024. Edición 2023. OSIMGA. Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Datos de OSIMGA e IGE



A poboación moza utiliza internet de xeito amplamente maioritario para a realización de distintas actividades. En termos xerais, como reflicte a táboa nº 17, compróbase que a utilización de servizos na rede con fins particulares decrece consonte aumenta a idade da poboación.

Polo tanto, en liñas xerais, **a mocidade galega de 16 a 34 anos é a que máis utiliza internet na súa vida cotiá**, con diferenzas acusadas con respecto ao resto da poboación cando se trata de actividades como ver series, películas e programas a demanda; escoitar ou descargar música ou ver programas de televisión a través de internet e xogar ou descargar videoxogos.

Á hora de informarse a través da rede, porén, as maiores porcentaxes obsérvanse entre os 25 e os 44 anos.



**TÁBOA 17 SERVIZOS DE INTERNET UTILIZADOS CON FINS PARTICULARES NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO OS GRUPOS DE IDADE. GALICIA. ANO 2023**

Fonte: Galicia. A nosa vida en dixital. A sociedade da información nos fogares galegos. Ano 2024. Edición 2023. OSIMGA. Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Datos de OSIMGA e IGE

| SERVIZOS DE INTERNET UTILIZADOS                                                             | DE 16 A 24 ANOS % | DE 25 A 34 ANOS % | DE 35 A 44 ANOS % | DE 45 A 54 ANOS % | DE 55 A 64 ANOS % | DE 65 A 74 ANOS % | TOTAL %     |
|---------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------|
| Usar mensaxería instantánea                                                                 | 99,6              | 99,6              | 99,0              | 98,9              | 97,7              | 96,2              | <b>98,5</b> |
| Buscar información sobre bens ou servizos                                                   | 93,3              | 95,5              | 94,2              | 91,3              | 83,9              | 69,2              | <b>88,6</b> |
| Recibir ou enviar correos electrónicos                                                      | 96,7              | 96,9              | 95,7              | 90,6              | 78,0              | 57,0              | <b>86,6</b> |
| Ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña                                    | 82,1              | 91,0              | 88,3              | 84,6              | 76,0              | 63,7              | <b>81,7</b> |
| Telefonar por internet/ videoconferencia                                                    | 94,1              | 92,5              | 85,8              | 79,1              | 69,6              | 58,4              | <b>79,6</b> |
| Participar en redes sociais                                                                 | 97,4              | 96,3              | 86,9              | 76,3              | 58,5              | 38,2              | <b>75,4</b> |
| Escoitar ou descargar música ou ver programas emitidos por internet de canles de televisión | 95,2              | 90,6              | 82,8              | 70,0              | 50,3              | 33,0              | <b>69,8</b> |
| Ver series, películas ou programas baixo demanda de empresas comerciais                     | 80,4              | 79,5              | 71,0              | 60,7              | 41,4              | 29,6              | <b>60,0</b> |
| Xogar ou descargar xogos                                                                    | 68,0              | 47,9              | 33,0              | 21,0              | 12,4              | 6,4               | <b>28,9</b> |

A gran maioría da poboación moza realiza outras actividades a través de internet, como utilizar a banca electrónica (sobre todo entre os 25 e os 34 anos), copiar ou mover ficheiros e almacenar información na nube. No entanto, son minoritarias as porcentaxes de persoas novas que buscan emprego pola rede (14 % entre os 16 e os 24 anos e 25,4 % entre os 25 e os 34 anos); ou venden bens ou servizos, con porcentaxes reducidas, tal e como recolle a táboa nº 18.

**TÁBOA 17 SERVIZOS DE INTERNET UTILIZADOS CON FINS PARTICULARES NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO OS GRUPOS DE IDADE. GALICIA. ANO 2023**


Fonte: Galicia. A nosa vida en dixital. A sociedade da información nos fogares galegos. Ano 2024. Edición 2023. OSIMGA. Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Datos de OSIMGA e IGE

| SERVIZOS DE INTERNET UTILIZADOS                                  | DE 16 A 24 ANOS % | DE 25 A 34 ANOS % | DE 35 A 44 ANOS % | DE 45 A 54 ANOS % | DE 55 A 64 ANOS % | DE 65 A 74 ANOS % | TOTAL %      |
|------------------------------------------------------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|--------------|
| Banca electrónica                                                | 62,5%             | 90,0%             | 89,4%             | 85,8%             | 73,5%             | 55,4%             | <b>78,4%</b> |
| Copiar ou mover ficheiros entre carpetas ou dispositivos         | 80,0%             | 72,7%             | 65,3%             | 54,1%             | 37,3%             | 25,5%             | <b>55,0%</b> |
| Copiar, mover ou almacenar ficheiros na nube                     | 72,7%             | 67,6%             | 56,9%             | 44,2%             | 27,3%             | 14,7%             | <b>46,2%</b> |
| Buscar emprego                                                   | 14,0%             | 25,4%             | 15,4%             | 11,9%             | 6,8%              | 1,0%              | <b>12,3%</b> |
| Vender bens ou servizos (transacción ou trato realizado en liña) | 11,5%             | 15,3%             | 14,6%             | 9,7%              | 4,8%              | 2,4%              | <b>9,8%</b>  |

Ademais, en canto aos datos sobre comercio electrónico, a porcentaxe máis elevada de persoas que merca por Internet atópase entre os 25 e os 34 anos, máis de 10 puntos porcentuais por enriba da poboación de 16 a 24 anos.

#### G. 15 POBOACIÓN QUE MERCOU POR INTERNET POR SEXO E IDADE. GALICIA. ANO 2023

Fonte: Galicia. A nosa vida en dixital. A sociedade da información nos fogares galegos. Ano 2024. Edición 2023. OSIMGA. Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Datos de OSIMGA e IGE



#### O IMPACTO DA TECNOLOXÍA NO LECER

Segundo os datos do estudo promovido pola UNICEF *Impacto de la tecnología en la adolescencia. Relaciones, riesgos y oportunidades. Un estudio comprensivo e inclusivo hacia el uso saludable de las TRIC*<sup>17</sup>, que inclúe a realización dunha enquisa a unha ampla mostra de escolares da ESO en Galicia:

- » o 54,4 % do alumnado de 11 a 18 anos practica deporte federado;
- » un 18,6 % pertence a unha asociación xuvenil e cultural;
- » un 11 % participa nun grupo ou actividade de voluntariado.

Non obstante, **no ocio da poboación adolescente é moi significativo o peso da tecnoloxía**, con datos moi semellantes aos analizados para toda a poboación moza correspondentes ao ano 2023:

- » Case a totalidade dos e das adolescentes utiliza móbil ou outro dispositivo de conexión a internet.
- » O 87,3 % emprega as redes sociais.

<sup>17</sup> Unicef. Universidade de Santiago de Compostela e Consello Xeral de Colexios Profesionais de Enxeñaría en Informática de España. Impacto de la tecnología en la adolescencia. Relaciones, riesgos y oportunidades. Un estudio comprensivo e inclusivo hacia el uso saludable de las TRIC. 2021.

» O 87 % ve series e películas en internet.

---

» Un 68 % xoga a videoxogos.

---

### Uso do teléfono móbil

Segundo os datos deste mesmo estudo, en Galicia **a idade de acceso ao primeiro móbil ten lugar con pouco máis de 11 anos (11,36 anos).**

En 1º e 2º curso da ESO ten móbil o 85,8 % da rapazada, porcentaxe que en 3º e 4º da ESO ascende ao 97,9 %.

### Redes sociais

Os contextos de relación en liña xa son na actualidade inherentes á vida das e dos adolescentes, que interactúan e se relacionan a través de distintas redes sociais. As aplicacións e as redes sociais forman parte da vida cotiá das novas xeracións. Poder integralos harmoniosamente no seu desenvolvemento persoal e social é, sen dúbida, un enorme reto.



**O 97,9 % do alumnado da ESO está rexistrado cando menos nunha rede social, o 80,5 % en tres ou máis** e o 59,1 % ten varias contas ou perfís dentro dunha mesma rede. O uso de redes sociais está máis estendido entre as rapazas.

YouTube, Instagram e Tik Tok son as redes sociais de maior aceptación.

**TÁBOA 19 USO DAS REDES SOCIAIS POR PARTE DO ALUMNADO DA ESO. GALICIA. ANO 2021**

Fonte: UNICEF. Impacto de la tecnología en la adolescencia. Relaciones, riesgos y oportunidades. Un estudio comprensivo e inclusivo hacia el uso saludable de las TRIC. Galicia. 2021

| NIVEL DE INGRESOS                        | MULLERES | HOMES  | 1º-2º ESO | 3º-4º ESO | TOTAL         |
|------------------------------------------|----------|--------|-----------|-----------|---------------|
| Rexistrada/o en polo menos 1 rede social | 98,2 %   | 97,6 % | 96,3 %    | 99,3 %    | <b>97,9 %</b> |
| Rexistrada/o en 3 ou máis redes sociais  | 82,4 %   | 78,7 % | 73,3 %    | 87,1 %    | <b>80,5 %</b> |
| Máis dun perfil na mesma rede social     | 63,1 %   | 55,0 % | 50,2 %    | 67,2 %    | <b>59,1 %</b> |

**Videoxogos**

Os videoxogos ocupan un lugar moi importante na vida das e dos adolescentes e, polo tanto, teñen un impacto directo no seu desenvolvemento, por distintos factores, como a exposición a contidos non adecuados para a súa idade etc. Ademais, factores como a frecuencia e a intensidade dos xogos son desencadeantes de posibles problemas de adicción.

**O 59,5 % do alumnado da ESO xoga habitualmente a videoxogos**, unha forma de ocio máis frecuente entre os rapaces que entre as rapazas, e desta porcentaxe un 22,7 % declara facelo todos ou case todos os días.

Por termo medio, **os e as adolescentes galegas dedican 7,2 horas por semana aos videoxogos**, aínda que un 4,3 % lle dedica máis de 30 horas. Case 1 de cada 4 destina todos os meses algo de cartos a esta afección; o 4,6 % máis de 30 euros ao mes.

O 51,4 % da poboación consultada que xoga habitualmente faino en xogos cualificados como non adecuados para menores de 18 anos.



**TÁBOA 20 FRECUENCIA, INTENSIDADE E DIÑEIRO INVESTIDO EN VIDEOXOGOS POR PARTE DO ALUMNADO DA ESO. GALICIA. 2021**

Fonte: UNICEF. Impacto de la tecnología en la adolescencia. Relaciones, riesgos y oportunidades. Un estudio comprensivo e inclusivo hacia el uso saludable de las TRIC. Galicia. 2021

| NIVEL DE INGRESOS                           | GLOBAL | MULLERES | HOMES  |
|---------------------------------------------|--------|----------|--------|
| Xogan todos/case todos os días              | 22,7 % | 8,2 %    | 35,6 % |
| Xogan media hora semanal                    | 7,2 h  | 3 h      | 11 h   |
| Xogan máis de 30 h semanais                 | 4,3 %  | 1,1 %    | 7,2 %  |
| Destinan cartos todos os meses a videoxogos | 23,7 % | 7,4 %    | 38,4 % |
| Destinan a videoxogos máis de 30 € cada mes | 4,6 %  | 0,9 %    | 7,7 %  |

**Xogos de azar en liña**

Por último, unha das prácticas no tempo libre da mocidade que máis preocupa hoxe en día son os **xogos de azar**, debido ao risco de desenvolver unha ludomanía.

De acordo cos datos da Enquisa INJUVE 2019, un 16,2 % de mozos e mozas españolas afirma xogar habitualmente a xogos de apostas, mentres que un 12 % di que o fai habitualmente a través da internet.

Segundo o estudo da UNICEF realizado en Galicia entre alumnado da ESO, **a porcentaxe global de adolescentes que apostaron ou xogaron diñeiro en liña algunha vez na súa vida é do 3,3 %**. As porcentaxes son significativamente maiores entre os rapaces (5 %, fronte a un 1,4 % das rapazas) e na segunda etapa da ESO.





## 4. MARCO NORMATIVO E PROGRAMÁTICO

---

### 4.1. CONTEXTO NORMATIVO AUTONÓMICO. A LEI 6/2012, DO 19 DE XUÑO, DE XUVENTUDE DE GALICIA

---

Nesta primeira epígrafe ofrécese unha síntese cronolóxica da abordaxe normativa realizada pola Administración autonómica galega en materia de xuventude, que culmina coa aprobación da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia.

A **Constitución Española** de 1978 establece no seu artigo 48 que “os poderes públicos promoverán as condicións para a participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural”.

Pola súa banda, o **Estatuto de autonomía de Galicia** establece no seu artigo 27 que “lle corresponde á comunidade autónoma galega a competencia exclusiva nas materias de fomento da cultura en Galicia (nº 19), a promoción do deporte e a axeitada utilización do lecer (nº 22), e a promoción do desenvolvemento comunitario (nº 24).

Mediante o **Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura**, traspasáronse, entre outras, a dirección e a xestión e, de ser o caso, a titularidade das instalacións comprendidas na Rede Nacional de Albergues Xuvenís, residencias xuvenís, campamentos e campos de traballo. Estas competencias foron asumidas polo Decreto 146/1982, do 1 de decembro.

Así mesmo, a través do Decreto 285/1989, do 16 de decembro, asúmense as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción sociocultural, no ámbito da xuventude e do desenvolvemento comunitario.

A política dos poderes públicos neste eido debe enmarcarse na promoción da participación libre da xuventude no desenvolvemento cultural, socioeconómico e político da sociedade que sinala a Constitución. Para lograr esta finalidade, a comunidade autónoma ditou unha serie de disposicións destinadas a regular os distintos ámbitos e sectores que conforman o eido da xuventude e o desenvolvemento comunitario, entre outras:

- » A Orde do 21 de marzo de 1991, pola que se ditan normas para a elaboración dun censo de entidades xuvenís e entidades prestadoras de servizos á xuventude.
-



- » O Decreto 313/1995, do 23 de novembro, modificado polo Decreto 381/1996, do 17 de outubro, polo que se regula o recoñecemento das escolas de tempo libre, apróbanse os programas de formación que se van impartir e se establece a composición e funcionamento do órgano de dirección da Escola Galega de Lecer e Tempo Libre.

---

- » O Decreto 144/1996, do 17 de abril, modificado polo Decreto 276/1998, do 24 de setembro, polo que se crea a Comisión Interdepartamental de Xuventude.

---

- » O Decreto 223/1996, do 30 de maio, polo que se regulan as actividades de aire libre dirixidas á xuventude no territorio da comunidade galega.

---

- » O Decreto 33/1997, do 13 de febreiro, polo que se regula o recoñecemento oficial e as condicións técnicas das instalacións xuvenís no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

---

- » O Decreto 243/1998, do 30 de xullo, polo que se regula a Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil.

---

Esta dispersión normativa leva a que no ano 2000 se aprobe o **Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude**. O obxecto desta norma é agrupar e refundir nun só texto normativo as diversas disposicións regulamentarias existentes nesta materia.

Doce anos despois apróbase a **Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia**. Con esta norma faise novamente un esforzo de unificación e harmonización de toda a normativa anterior.

Como obxecto da norma, o artigo 1.2 do Título Preliminar establece que "as políticas públicas dirixidas á xuventude terán como finalidade mellorar a calidade de vida da xente nova, especialmente a través do acceso á información en materia xuvenil e mediante a participación activa dos mozos e das mozas no desenvolvemento sostible, económico e social da Comunidade Autónoma de Galicia".

Con este instrumento legal quérese reforzar a transversalidade e a coordinación das políticas públicas en materia de xuventude. Para facer efectivos estes dous principios, a nova lei establece dous instrumentos que farán posible a súa consecución: o **Plan estratéxico de xuventude de Galicia e o Comité Galego de Políticas de Xuventude**.

A norma determina o rango etario que corresponde á mocidade, e considera persoas novas a aquelas con idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos, ambos incluídos. Con este intervalo o Executivo galego considera unha franxa de idade suficientemente ampla para abarcar as distintas manifestacións da xuventude, sen prexuízo de que desde a Dirección Xeral de Xuventude se poidan adoptar programas ou actuacións dirixidas a mozos e a mozas dun rango diferente de idade, polas súas especiais características.

A lei establece os seguintes principios reitores: planificación e integralidade, transversalidade e coordinación, participación e pluralidade, igualdade, información e formación continua, e eficacia e eficiencia administrativa, sobre os cales deben articularse os distintos instrumentos que a norma prevé.

A norma pivota tamén dun xeito primordial sobre a participación da mocidade na sociedade, xa sexa dun modo individual como a través de fórmulas asociativas e mediante grupos informais.

**Neste marco, o Plan estratéxico de xuventude de Galicia, como instrumento de planificación plurianual, considérase un elemento de grande importancia para a toma de decisións a medio prazo.**

Regulado no Título I do texto normativo, artículase en dous capítulos. No primeiro deles defínese a natureza e vixencia do Plan, os seus obxectivos e as directrices para a súa elaboración. O capítulo II recolle os sectores básicos da transversalidade que o integran.

#### **Serán obxectivos estratéxicos do plan:**

- A.** Diagnosticar a situación da mocidade galega e realizar unha análise derivada dos datos obtidos, onde se propoñan solucións aos principais problemas e necesidades da xuventude en Galicia.

---

- B.** Servir de instrumento para a toma de decisións políticas, elaborando as liñas estratéxicas e articulando as actuacións prioritarias públicas en materia de xuventude.

---

- C.** Establecer unha metodoloxía de traballo transversal que sexa a referencia para o resto de consellerías da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, así como para as entidades da Administración local de Galicia.

---

- D.** Facilitar a avaliación da efectividade das medidas adoptadas no desenvolvemento das políticas de xuventude, a través de sistemas de indicadores e cadros de mando.

---

No Capítulo II establécense os ámbitos que abarcará a planificación, isto é, os denominados sectores básicos da transversalidade, así como os obxectivos principais en cada un deses ámbitos.

Os sectores básicos que recolle a lei son os seguintes:

|                                        |  |
|----------------------------------------|--|
| 1. Educación                           |  |
| 2. Emprego                             |  |
| 3. Creatividade e espírito emprendedor |  |
| 4. Vivenda                             |  |
| 5. Saúde e deporte                     |  |
| 6. Participación e asociacionismo      |  |
| 7. Voluntariado                        |  |
| 8. Información e formación             |  |
| 9. Mobilidade e turismo                |  |
| 10. Dinamización lingüística           |  |
| 11. Igualdade                          |  |

## 4.2. ALIÑAMENTO COS INSTRUMENTOS PROGRAMÁTICOS INTERNACIONAIS, ESTATAIS E DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Ofrécese a continuación unha revisión dos principais instrumentos de carácter estratéxico e programático de ámbito internacional, europeo, estatal e autonómico que serven de contexto e base para o deseño e posta en marcha do Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2025-2027.

### » ÁMBITO INTERNACIONAL

No contexto internacional cómpre facer mención aos seguintes instrumentos de planificación estratéxica:

#### Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable

En setembro de 2015, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aproba a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable, un documento que recolle os 17 Obxectivos de

Desenvolvemento Sustentable (ODS) que deberán guiar as accións dos distintos estados ata o ano 2030.

Esta axenda é o resultado dun amplo proceso de diálogo e consulta articulado a escala internacional, no que ao longo de máis de dous anos, e baixo o auspicio de Nacións Unidas, participaron tanto os diversos gobernos e organismos públicos de carácter estatal, como un elevado número de institucións internacionais, organizacións da sociedade civil e do sector privado.

No desenvolvemento destes obxectivos os gobernos subestatais, como as comunidades autónomas, xogan un papel clave, posto que a súa participación permite articular estratexias de desenvolvemento máis estreitamente vinculadas coas realidades existentes a escala rexional e local e, polo tanto, da cidadanía.

Os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) constitúen un chamamento universal á acción para poñer fin á pobreza, protexer o planeta e mellorar as vidas e as perspectivas das persoas en todo o mundo.



Integran os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable un total de 169 metas de carácter social, económico e ambiental.

Algunha destas metas teñen principalmente como destinataria a poboación máis nova: a infancia, a adolescencia e a mocidade, mentres que outras presentan un carácter xeneralista e diríxense ao conxunto da poboación, o que tamén ten incidencia, directa ou indirectamente sobre a mocidade.

Como dimensións máis relevantes da Axenda 2030 en materia de xuventude, os Estados aspiran a que ao remate desta década se desenvolvan as seguintes **prioridades de actuación:**

- » Dar visibilidade ás voces da mocidade para promover un mundo pacífico, xusto e sustentable.
- » Fomentar e desenvolver accións para un mellor e maior acceso da poboación nova a servizos de saúde óptimos e a unha educación de calidade.
- » Aumentar o acceso da mocidade ao traballo decente e ao emprego produtivo.
- » Protexer e promover os dereitos da xuventude e apoiar a súa participación cívica e política.

### **Estratexia das Nacións Unidas para a xuventude**

A Estratexia Xuventude 2030, traballando con e para a mocidade ten por finalidade mellorar os efectos e implantar medidas máis amplas a nivel mundial, rexional e nacional para atender as necesidades, desenvolver a capacidade de acción e promover os dereitos da poboación moza en toda a súa diversidade e en todo o mundo. Ademais, pretende garantir a implicación e participación das mozas e dos mozos na implantación, o exame e o seguimento da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable e outras axendas e marcos mundiais relacionados.

A Estratexia establece as seguintes **cinco prioridades de actuación:**

- » Implicación, participación e promoción: amplificar as voces da xuventude para promover un mundo pacífico, xusto e sustentable.
- » Bases informadas e saudables: apoiar un maior acceso da mocidade a servizos de saúde e educación de calidade.
- » Empoderamento económico por medio do traballo decente: apoiar un maior acceso da poboación nova ao traballo decente e ao emprego produtivo.

- » A mocidade e os dereitos humanos: protexer e promover os dereitos da xuventude e apoiar a súa participación cívica e política.
- » Consolidación da paz e a resiliencia: apoiar o papel das mozas e dos mozos como catalizadores da paz e a seguridade e a acción humanitaria.

## » ÁMBITO EUROPEO

No ámbito europeo cabe referirse, en primeiro lugar, aos seguintes instrumentos de ámbito extracomunitario:

### Carta europea de información xuvenil da Asemblea Xeral da Axencia Europea de Información e Asesoramento Xuvenil (ERYICA)



A Axencia Europea de Información e Asesoramento Xuvenil é unha organización europea independente que reúne a 42 organismos coordinadores de información xuvenil nacionais e rexionais presentes en 27 países, entre eles, España.

En 1993, a Asemblea Xeral de ERYICA adoptou a Carta europea de información xuvenil. Desde entón, a Carta converteuse nunha referencia en Europa como conxunto de principios e directrices profesionais para o traballo de información e asesoramento xuvenil.

A Carta actualizouse o 19 de novembro de 2004, na 15ª Asemblea Xeral, e os principios para a información xuvenil en liña publicáronse en 2009. Ambos os documentos fusionáronse en 2018, cando se realizou a última revisión da Carta.

A Carta recolle os principios da Información Xuvenil, como pilar fundamental de calquera política de mocidade, para ser aplicados a calquera labor de información á poboación moza de carácter xeneralista. Establece uns estándares e indicadores de calidade, co obxectivo de ser parte dunha estratexia de información xuvenil global, coherente, coordinada e con recursos.

### Estratexia do Sector Xuvenil 2030 do Consello de Europa

Esta Estratexia ten como obxectivo principal o empoderamento da xuventude para a súa participación na democracia e a promoción dos dereitos humanos, fomentando sociedades inclusivas baseadas na igualdade en canto a dignidade e dereitos.



As prioridades da Estratexia do Sector Xuvenil no horizonte 2030 son as seguintes:

- » Revitalizar a democracia pluralista.
- » Favorecer o acceso da xuventude aos dereitos.
- » Fomentar a convivencia en sociedades pacíficas e inclusivas.
- » Impulsar o traballo xuvenil.

### Estratexia da Unión Europea para a Xuventude 2019-2027



No ámbito da Unión Europea, a Estratexia da UE para a Xuventude constitúe o marco de referencia dos Estados membros neste eido, a cal ten como base a Resolución do Consello do 26 de novembro de 2018.

O obxectivo da Estratexia é empoderar a mocidade europea e dotala de máis peso na elaboración das políticas da UE, o que reflicte a importancia que a Comisión concede a investir na mocidade e no seu futuro.

A axenda política actual en materia de xuventude baséase, entre outros aspectos, na posta en marcha dun diálogo da Unión Europea no ámbito da xuventude centrado na mocidade con menos oportunidades. Tamén son obxectivos clave:

- » Eliminar os obstáculos e favorecer o voluntariado e a mobilidade para a solidariedade.
- » Aplicar unha axenda de traballo para a xuventude co fin de mellorar o recoñecemento da aprendizaxe non formal.
- » Reforzar o vínculo entre a política da UE en materia de xuventude e os programas asociados da UE (Erasmus+ e o Corpo europeo de solidariedade).

Froito dun proceso participativo previo da xuventude europea, a Estratexia establece once metas centradas en tres dimensións esenciais:

- » **Involucrar:** persegue unha participación cívica económica, social, cultural e política significativa da mocidade.

- » **Conectar:** as conexións, as relacións e o intercambio de experiencias son un activo crucial para a solidariedade e o futuro desenvolvemento da Unión Europea. Esta conexión foméntase mellor a través de distintas formas de mobilidade.
- » **Capacitar:** capacitar a xuventude significa animala a tomar as rendas das súas vidas. Hoxe os mozos e as mozas de toda Europa enfróntanse a diversos retos e o traballo coa mocidade en todas as súas formas pode servir de catalizador para a capacitación.

**As metas desta Estratexia inspiran e son referentes nidos do Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2025-2027**, pois inclúen as diferentes dimensións que o plan galego aborda a través das doce áreas estratéxicas que a integran.

As **metas da Estratexia europea** son as seguintes:

1. Conectar a UE coa mocidade.
2. Igualdade de todos os xéneros.
3. Sociedades inclusivas.
4. Información e diálogo construtivo.
5. Saúde mental e benestar.
6. Impulsar a xuventude rural.
7. Emprego de calidade para todos e todas.
8. Aprendizaxe de calidade.
9. Espazos de participación para todos e todas.
10. Unha Europa verde e sustentable.
11. Programas europeos e organizacións xuvenís.

**Outros instrumentos** de ámbito europeo, dirixidos ou de interese para a xuventude, son os seguintes:

- » **O Piar europeo de dereitos sociais (2017)**, orientado á consolidación dos dereitos sociais das persoas novas, entre outros, a igualdade de oportunidades e de acceso ao



mercado de traballo a través dunha educación continua, dunha aprendizaxe permanente e dunha oferta de emprego de calidade.

- » **A Recomendación do Consello do 22 de maio de 2018** relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente. Nela establécense as competencias clave para a aprendizaxe permanente e orienta os sistemas formativos dos Estados da UE cara a unha política de garantía de mínimos competenciais, considerados necesarios para calquera emprego.
- » **O Marco europeo de competencias dixitais para a cidadanía (DigComp).** Nacido en 2013, este marco foi evolucionando ata o actual DigComp 2.2, que se usou como referencia no deseño do Marco galego de competencias dixitais. O marco europeo DigComp define a competencia dixital como unha competencia clave transversal que permite adquirir outras competencias clave. No DigComp expóñense os coñecementos, habilidades e actitudes para cinco grandes áreas de dominio, e as 21 competencias necesarias para o seu desenvolvemento.
- » **A Comunicación da Comisión Europea "Apoio ao emprego xuvenil: unha ponte cara ao emprego para a próxima xeración",** do 1 de xullo de 2020. Neste documento contextualízase a situación da xuventude tras a pandemia e recoñece que os efectos sobre a mocidade foron moi negativos. A través desta Comunicación propónse unha extensión do Programa de Garantía Xuvenil, incrementando a nivel europeo a idade de cobertura das accións enfocadas á xuventude ata os 30 anos. Ademais, aposta por unha reorientación do sistema de formación e transición ao emprego baseado na protección, como un novo dereito social de solidariedade entre xeracións.

## » ÁMBITO ESTATAL

Como referentes no contexto estatal cómpre mencionar as seguintes estratexias e programas:



### Plan de acción para a implantación da Axenda 2030: cara a unha estratexia española de desenvolvemento sustentable

O Consello de Ministros aprobou, o 29 de xuño de 2018, o Plan de acción para a implantación da Axenda 2030: cara a unha estratexia española de desenvolvemento sustentable, en cuxa elaboración participaron todos os departamentos ministeriais, así como as comunidades autónomas, as entidades locais e organizacións representativas da sociedade civil.

O Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030 acordou a elaboración dun plan de acción para a implantación da Axenda 2030 en España a partir do coñecemento do estado dos ODS no país e das accións a través das cales impulsar a Axenda 2030.

Entre todos os retos sobre os que se actuará, fai especial mención do desemprego xuvenil e da necesidade de incrementar o nivel formativo da mocidade.

### **Estratexia de Xuventude 2030: "Bases para un novo contrato social coa xuventude"**

A Estratexia de Xuventude 2030, aprobada no ano 2022, elabórase tras un proceso de reflexión sobre que país e que sociedade se quere construír nestes anos ata finais da década.

O obxectivo principal da Estratexia é "permitir que as mozas e os mozos se convertan en artífices da súa propia vida, apoiar o seu desenvolvemento persoal e o seu camiño cara á autonomía, reforzar a súa resiliencia e dotalos de habilidades para a vida, co fin de que se poidan enfrontar a un mundo cambiante".

Integran a Estratexia os seguintes **dez eixes de actuación**:

1. Educación e formación inclusivas, equitativas e de calidade, e aprendizaxe durante toda a vida.

---

2. Autonomía, emprego digno e emprendemento da xente nova.

---

3. Emancipación, vivenda, natalidade e proxecto vital.

---

4. Saúde integral e calidade de vida.

---

5. Colectivos da mocidade e adolescentes en grave risco de exclusión social ou suxeitos a dobre discriminación. Economía dos coidados e políticas de inclusión.

---

6. Xuventude e transformación global: participación e voluntariado.

---

7. Mobilidade Xuvenil: emigración e retorno.

---

8. Xuventude e mundo rural.

---

9. Xestión do coñecemento sobre a realidade xuvenil e os servizos á mocidade.

---

10. Gobernanza moza e cooperación institucional.

---

Ademais, incorpóranse dous eixes transversais: “11. Mulleres novas e igualdade” e “12. Mocidade, medio ambiente e sustentabilidade”, pois xúlgase que todos os ámbitos da vida están atravesados polas consecuencias da desigualdade de xénero e a emerxencia climática.

### Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (SNGJ)



En 2013, aprobouse en España o Plan nacional de implantación da Garantía Xuvenil, aliñado entón coa Estratexia de Emprendemento e Emprego Novo. Froito diso, o Real decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, do que procede a vixente Lei 18/2014 que leva o mesmo título, senta as bases do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil en España.

Garantía Xuvenil é un instrumento da Unión Europea e do Goberno de España que ten como obxectivo proporcionarles facilidades de acceso ao mercado de traballo á poboación nova.

Está enfocada a que todas as persoas mozas non ocupadas nin integradas nos sistemas de educación ou formación poidan recibir unha oferta de emprego, educación ou formación, incluída a formación de aprendiz ou o seu período de prácticas, tras finalizar a educación formal ou atoparse en situación de desemprego.

Entre as vantaxes do programa de Garantía Xuvenil destacan as axudas á contratación e as convocatorias de educación, formación, prácticas, aprendizaxe, emprego e autoemprego.

Para lograr que as persoas mozas poidan acceder ao mercado de traballo, e en liña co programa e coas medidas de Garantía Xuvenil, aprobouse en colaboración coas comunidades autónomas e coas organizacións sindicais e empresariais máis representativas o Plan de Garantía Xuvenil Complemento 2021-2027. Este plan desenvolve 69 medidas en 6 eixes e ten como obxectivo mellorar a cualificación das persoas mozas para que adquiran as competencias profesionais e técnicas necesarias para acceder ao mercado laboral.

Outro instrumento estratéxico de ámbito estatal desenvolvido nos últimos anos no ámbito do emprego que cómpre mencionar é o Plan de choque polo emprego xuvenil 2019-2021.

O Plan aprobado polo Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, nace como un compromiso coa xuventude e coa súa situación actual, polo que está exclusivamente dirixido á mocidade. O plan tiña como obxectivos establecer un marco laboral de calidade; facer protagonista a mocidade do seu proceso de inserción laboral e capacitación; incrementar a cualificación e a inserción laboral da xuventude e favorecer o desenvolvemento dun novo modelo económico baseado na sustentabilidade social, na produtividade e no valor engadido.

## » ÁMBITO AUTONÓMICO

Ademais do marco legal descrito na anterior epígrafe, con especial referencia á Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, que regula a elaboración do Plan estratéxico de xuventude de Galicia, cómpre referirse aos seguintes instrumentos estratéxicos e programáticos de ámbito autonómico que actúan tamén como marco e referente para o desenvolvemento do plan:

### Plan estratéxico de Galicia 2022-2030



O Plan estratéxico de Galicia (PEG) é un documento plurianual que recolle os principais retos, obxectivos e medidas dirixidos á mellora do desenvolvemento económico e social do país.

Os obxectivos xerais do plan son acadar unha recuperación sustentable, resistente e inclusiva; deseñar a Galicia do futuro

poñendo no centro o reto demográfico; acadar unha Galicia máis sustentable e climaticamente neutra; promover unha sociedade innovadora, moderna, competitiva, solidaria e cohesionada; favorecer os valores diferenciais de Galicia como motores de desenvolvemento; e garantir unha senda previsible, rigorosa e estable de actuación do Goberno galgo a medio prazo.

O Plan estratéxico 2022-2030 conta con cinco eixes, 21 prioridades de actuación e 70 obxectivos estratéxicos con máis de 140 indicadores de resultado. O PEG alíñase cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030 e cos obxectivos políticos e específicos dos Programas Operativos 2021-2027.


Neste marco de planificación global, o **Plan estratéxico de xuventude de Galicia encádrase:**

#### EIXE 1. O RETO DEMOGRÁFICO

**Prioridade de actuación 1.2: Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias.**

**Obxectivo estratéxico 1.2.2 Mellorar a calidade de vida da xuventude galega, mellorando as súas competencias e capacidades, incrementando o seu benestar e impulsando a participación e o voluntariado.**

## Eixe 1. do PEG. O reto demográfico



Os **principais retos** que recolle o PEG neste ámbito son:

- » Mellorar a empregabilidade da mocidade galega a través da adquisición dunha serie de competencias, destrezas e capacidades complementarias á educación formal ou regrada, reforzando os programas de educación non formal.
- » Promover a cultura da solidariedade e establecer novos programas de voluntariado orientados a colectivos específicos, segundo as necesidades que melloren a calidade de vida das persoas en risco e incrementen a participación da cidadanía, en especial da mocidade.
- » Procurar o benestar físico, psíquico, emocional e social da poboación infantil, adolescente e xuvenil, a través da promoción de estilos de vida saudables e de ámbitos familiares, medioambientais e sociais axeitados; así como mediante a detección e a prevención de factores de risco que comprometan o seu desenvolvemento integral.

Para a consecución destes retos propóñense as seguintes **liñas de actuación estratéxicas**:

- » Fomentar e apoiar os programas de prácticas formativas e de mobilidade transnacional, para a mellora da cualificación e para facilitar o acceso ao mercado laboral dos mozos e das mozas.
- » Impulsar a participación dos mozos e das mozas en actividades de educación non formal que permitan a adquisición de competencias e habilidades altamente valoradas polos axentes empregadores.
- » Promover novas iniciativas e alternativas educativas e saudables para o tempo libre de mozas e de mozos, a través de programas de ocio educativo e de espazos seguros, divertidos, formativos e favorecedores da transferencia de valores e de coñecemento.

- » Fomentar a participación xuvenil nos programas de voluntariado e aproveitar o coñecemento e a experiencia das persoas maiores nun marco de convivencia e intercambio das vivencias con persoas novas, promovendo a inscrición das experiencias das persoas voluntarias que faciliten a certificación das actividades realizadas.
- 

Ademais, o PEG aborda a mellora das condicións de vida da xuventude galega a través **doutras prioridades e obxectivos**, en especial dos seguintes:

- » Do **obxectivo estratéxico 1.1.1**, dirixido a “mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas ou inactivas, especialmente entre a poboación xuvenil e aquelas con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral, por medio da adquisición de experiencia profesional, da formación e da orientación, fomentando a igualdade de oportunidades”.
  - » Da **prioridade de actuación 4.1** “Promover unha educación inclusiva e de calidade”.
- 

O Plan estratéxico de xuventude alíñase tamén con **outros instrumentos de planificación de carácter sectorial da Xunta de Galicia**, entre outros:

- » A Axenda Social Única de Galicia 2021-2024.
  - » A nova Estratexia de Especialización Intelixente RIS3 de Galicia 2021-2027.
  - » A Estratexia Galicia Dixital 2030.
  - » A Estratexia de Internacionalización de Galicia 2021-2025.
  - » A Estratexia de Formación Profesional Galicia 2030.
  - » O Plan de arquitectura pedagóxica.
  - » A Estratexia de Educación Dixital.
  - » A Estratexia de Idiomas.
- 

Por último, a transversalidade de xénero que debe incorporar toda a planificación autonómica impregna tamén o Plan estratéxico de xuventude, de xeito que tamén toma como referente o **Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027**, o cal ten entre os seus fins impulsar e fortalecer a consideración da igualdade de xénero e a non discriminación como elementos horizontais e transversais en todas as políticas e accións da Administración pública galega.

---

## 5. PRINCIPIOS ORIENTADORES E CRITERIOS PARA A ACCIÓN

---

A Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia establece no seu artigo 3 os seguintes **principios reitores**, sobre os cales deben articularse os distintos instrumentos que a norma prevé:

- a. **Planificación e integralidade:** o principio de planificación procura establecer unha visión a curto, medio e longo prazo dos obxectivos que deben acadar as políticas integrais de xuventude, prevendo todos os aspectos que incidan nestas políticas, dando así cumprimento á integralidade, e destinándose estas políticas a toda a xuventude, considerada dun xeito universal.
  - b. **Transversalidade e coordinación:** o principio de transversalidade implica que, na toma de decisións en todos os ámbitos sectoriais e territoriais dentro da nosa comunidade autónoma, deben terse en conta a visión e a opinión da xuventude, de xeito que se acade unha completa coordinación coas distintas consellerías da Xunta de Galicia e coas entidades que integran a Administración local.
  - c. **Participación e pluralidade:** estes principios supoñen a integración de todos os actores implicados nas políticas de xuventude, mediante a colaboración na súa construción a través dos instrumentos recollidos nesta lei. Abarcaranse todos os ámbitos ideolóxicos para acadar unha política plural, que enxalce os valores democráticos da dignidade humana, o libre desenvolvemento da personalidade, a liberdade, a potenciación da convivencia, a paz, a tolerancia e a solidariedade.
  - d. **Universalidade:** a actuación administrativa en materia de xuventude debe dirixirse a todas as persoas mozas sen distinción de sexo, etnia, orixe, idade, estado civil, ideoloxía, crenzas, orientación sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
  - e. **Igualdade:** este principio supón unha constante preocupación cara á efectiva corrección das desigualdades, con especial atención ás desigualdades por razón de sexo, ás situacións de risco de exclusión social e marxinalidade e á promoción da lingua galega como garantía de equilibrio de oportunidades no uso das dúas linguas oficiais, así como ás desigualdades que sexan consecuencia dos desequilibrios territoriais existentes en Galicia.
  - f. **Atención á diversidade:** a actuación administrativa en materia de xuventude debe considerar e atender a diversidade e a diferenza de xénero, étnica, territorial, física, psíquica, social e cultural, para garantir a igualdade de oportunidades a todas as persoas mozas e promover o valor da solidariedade na diversidade.
-

- g. Emancipación:** as actuacións en materia de xuventude deben tender a facilitar as condicións básicas necesarias para a emancipación das persoas mozas.

---

- h. Proximidade:** a actuación administrativa en materia de xuventude, para mellorar a aplicación de políticas de mocidade axeitadas a cada territorio e a cada colectivo, debe promover o deseño e a aplicación de solucións desde os centros de decisión situados máis preto da mocidade.

---

- i. Información e formación continua:** estes principios son garantía e presuposto previo da participación da xuventude. Neles prestarase especial atención ao acceso universal á sociedade da información, á aprendizaxe social, á innovación e á calidade da información e do ensino.

---

- j. Eficacia e eficiencia:** implican o deber das administracións públicas de acadar os seus obxectivos, e facelo cos mínimos recursos posibles, de xeito que se consiga unha racionalidade no uso dos medios materiais e humanos, evitando duplicidades.

---

**O Plan estratéxico de xuventude de Galicia integra os principios enunciados e complétase con estes outros** que a continuación se detallan. Todos eles orientarán o seu desenvolvemento:

### **Inclusión social**

O plan aposta pola inclusión social de toda a xuventude. Así, por unha banda, a través das distintas actuacións que se programen vaise favorecer a integración e a plena inclusión de todas as mozas e mozos que residen en Galicia. Doutra banda, desde a perspectiva da equidade, a inclusión garantírase a través dunha planificación e dun deseño de accións que teñan en conta os distintos condicionantes sociais, para poder corrixir ou contrarrestar as desigualdades existentes, relacionadas coa desvantaxe económica e outros factores de vulnerabilidade e diversidade. Isto significa poñer especial énfase nas e nos adolescentes e nas mozas e nos mozos máis desfavorecidos, con discapacidade, e aqueles e aquelas que se atopan en risco de exclusión social ou con problemas de adaptación.

Na perspectiva territorial, abordarase tamén a corrección das desigualdades, a través de medidas específicas para a mocidade que reside en zonas rurais.

### **Coordinación e cooperación institucional**

O desenvolvemento do plan realizarase baixo os parámetros da necesaria colaboración e coordinación intra e interinstitucional. Por un lado, porque o plan que se presenta, elaborado a partir das achegas do conxunto da Administración autonómica, constitúe un



instrumento de acción para o desenvolvemento integral da mocidade, polo que se potenciarán prácticas de traballo baseadas na coordinación dos recursos existentes.

Por outro lado, cómpre tamén consolidar a colaboración con outras administracións públicas, institucións e organizacións sociais da comunidade autónoma, para articular unha acción integral en favor da mocidade galega.

### **Transversalidade da perspectiva de xénero**

A consideración da igualdade de xénero como un elemento transversal en todas as políticas e accións da Administración pública galega impregnará o deseño e a execución de todas as medidas do plan. Na práctica, este enfoque permite, por exemplo, que no traballo coa adolescencia e a mocidade se persiga unha participación igualitaria en todos os ámbitos, libre da asignación de visións e roles estereotipados; se eduque desde a igualdade, tendo en conta as diferentes necesidades, expectativas e intereses de mulleres e de homes; se incida nas fendas de xénero existentes no acceso ao mercado de traballo, con maiores obstáculos para as mozas; se empreguen indicadores de xénero no seguimento e avaliación etc.

Ademais, terase en conta a discriminación múltiple ou interseccionalidade, entendida como a concorrencia de desigualdades de xénero con outros eixes de discriminación, como a orixe, a etnia, a clase social, a discapacidade ou a diversidade sexual, que fai que os desequilibrios de xénero impacten de forma agravada e diferenciada.

### **Interese superior da persoa menor de idade**

Tendo en conta que un sector da poboación destinataria deste instrumento de planificación cófrmano as persoas de 14 a 17 anos, as medidas que se desenvolvan ao abeiro do Plan estratéxico de xuventude realizaranse considerando e aplicando o criterio xurídico do interese superior da persoa menor de idade. A aplicación deste principio ten por finalidade asegurar o respecto completo e efectivo de todos os seus dereitos e o seu desenvolvemento integral.



## 6. ESTRUCTURA DO PLAN

---

O Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2025-2027 presenta a seguinte estrutura, conformada por tres elementos, cuxo esquema e definición se sinalan a continuación.

Esta estrutura resulta acorde coa determinación de obxectivos estratéxicos e operativos do plan, consonte o recollido no artigo 4 da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, sobre a natureza do Plan estratéxico.

### ILUSTRACIÓN 1: ESQUEMA DOS ELEMENTOS ESTRUCTURAIS DO PLAN.



- » As áreas **estratéxicas** representan os ámbitos prioritarios de actuación. Asociado a cada unha das áreas, o **obxectivo estratéxico** define a meta ou obxectivo xeral pretendido e, polo tanto, coincide coa estratexia de acción global e estrutural que se busca impulsar.
- » Os **obxectivos operativos** constitúen as metas concretas que permitirán a consecución do obxectivo estratéxico de cada unha das áreas.
- » No último nivel sitúanse **as medidas**, que representan as accións ou conxunto de actuacións a desenvolver para materializar cada un dos obxectivos operativos enunciados.

As áreas do Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2025-2027 correspóndense cos sectores básicos definidos no Capítulo II da antedita Lei 6/2012, ao que se engade unha área estratéxica máis, xa incluída no plan anterior debido á súa relevancia: o medio ambiente.

### ÁREAS ESTRATÉGICAS DO PLAN ESTRATÉGICO DE XUVENTUDE 2025-2027

Ilustración 2: áreas estratéxicas do plan



### DIMENSIÓNS TRANSVERSAIS AO PLAN

Ademais de constituír principios orientadores do plan, as seguintes dimensións terán un carácter transversal ao conxunto de accións que se deseñen e executen no marco do Plan estratéxico de xuventude:

#### Diversidade

A promoción e o respecto pola diversidade da mocidade galega constitúe unha dimensión fundamental que debe impregnar todas as áreas de actuación do plan. A partir de valores como a igualdade, a tolerancia e a inclusión, o plan promoverá un modelo de acción que poña en valor a diversidade da xuventude actual, unha mocidade diversa xa sexa por razóns territoriais –urbana ou rural–, pola procedencia migratoria, a orixe social, a diversidade cultural, a discapacidade, a orientación sexual e a identidade de xénero etc.

## Inclusión social

Será inherente ao conxunto da planificación e ao deseño das accións contribuír á inclusión social de toda a xuventude. A partir do principio de equidade, vaise favorecer a inclusión de toda a poboación moza e, en especial, da mocidade en situación de desvantaxe económica e social.


## Coordinación e cooperación institucional

Unha adecuada execución das accións programadas require da necesaria coordinación e colaboración interna e entre institucións. Por iso, será transversal ao plan o fomento de prácticas de traballo que procuren a eficiencia e a coordinación dos recursos existentes.

Procurarase, así mesmo, un desenvolvemento baseado na colaboración e no establecemento de sinerxías con outras administracións públicas, institucións e organizacións sociais da comunidade autónoma.

### DIMENSIÓNS TRANSVERSAIS AO PLAN ESTRATÉGICO DE XUVENTUDE 2025-2027

Ilustración 3: dimensións transversais ao plan.



Integran o Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2025-2027 un total de **12 áreas estratéxicas, 25 obxectivos operativos e 133 medidas.**

O seguinte cadro condensa as doce áreas estratéxicas propostas cos seus respectivos obxectivos estratéxicos e operativos.

**CADRO RESUMO 1: ESTRUCTURA DO PLAN ESTRATÉGICO DE XUVENTUDE DE GALICIA 2025-2027: ÁREAS ESTRATÉGICAS, OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS E OBXECTIVOS OPERATIVOS**

| ÁREA ESTRATÉGICA 1. EDUCACIÓN                                                                                                                                                                       |                                                                                                                                           |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| OBXECTIVO ESTRATÉGICO                                                                                                                                                                               | OBXECTIVOS OPERATIVOS                                                                                                                     |
| Garantir a formación integral da xuventude galega ao longo das distintas etapas, no marco dun sistema educativo innovador de apoios e de recoñecemento da excelencia que facilite a empregabilidade | 1.1 Consolidar un sistema de apoios que permita a continuidade formativa e incentivar a mobilidade socioeducativa europea e internacional |
|                                                                                                                                                                                                     | 1.2 Reforzar as competencias que faciliten a incorporación da poboación moza á esfera laboral                                             |
| ÁREA ESTRATÉGICA 2. EMPREGO                                                                                                                                                                         |                                                                                                                                           |
| OBXECTIVO ESTRATÉGICO                                                                                                                                                                               | OBXECTIVOS OPERATIVOS                                                                                                                     |
| Garantir a formación integral da xuventude galega ao longo das distintas etapas, no marco dun sistema educativo innovador de apoios e de recoñecemento da excelencia que facilite a empregabilidade | 2.1 Afianzar un sistema de apoios á contratación e ao desenvolvemento das primeiras experiencias profesionais                             |
|                                                                                                                                                                                                     | 2.2 Impulsar o autoemprego e o emprendemento xuvenil                                                                                      |
|                                                                                                                                                                                                     | 2.3 Fomentar o asentamento e a empregabilidade da mocidade no medio rural                                                                 |
|                                                                                                                                                                                                     | 2.4 Consolidar os apoios e as iniciativas que promoven a transición da mocidade do mundo académico ao laboral                             |
| ÁREA ESTRATÉGICA 3. CREATIVIDADE E ESPÍRITO EMPRENDEDOR                                                                                                                                             |                                                                                                                                           |
| OBXECTIVO ESTRATÉGICO                                                                                                                                                                               | OBXECTIVOS OPERATIVOS                                                                                                                     |
| Potenciar as capacidades creativas e o desenvolvemento do talento, ao tempo que se fomentan as iniciativas propias da mocidade nos diferentes ámbitos                                               | 3.1 Estimular o espírito emprendedor desde idades temperás                                                                                |
|                                                                                                                                                                                                     | 3.2 Fomentar o desenvolvemento do talento, as capacidades creativas e a iniciativa xuvenil nos distintos eidos                            |

**ÁREA ESTRATÉGICA 4. EMANCIPACIÓN E VIVENDA**

| OBXECTIVO ESTRATÉGICO                                                                                                                            | OBXECTIVOS OPERATIVOS                                                                                          |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Crear as condicións que fagan posible a emancipación da xuventude galega para a construción do seu proxecto vital e facilitar o acceso á vivenda | 4.1 Orientar a mocidade no proceso de emancipación residencial e facilitar o seu acceso aos distintos recursos |
|                                                                                                                                                  | 4.2 Apoiar a mocidade no acceso ao alugueiro e á compra dunha vivenda                                          |

**ÁREA ESTRATÉGICA 5. SAÚDE E DEPORTE**

| OBXECTIVO ESTRATÉGICO                                                                                                                            | OBXECTIVOS OPERATIVOS                                                                              |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Crear as condicións que fagan posible a emancipación da xuventude galega para a construción do seu proxecto vital e facilitar o acceso á vivenda | 5.1 Promover a saúde integral a través de programas preventivos e de hábitos de vida saudables     |
|                                                                                                                                                  | 5.2 Reforzar a atención á saúde mental e ao benestar emocional de adolescentes e mocidade en xeral |
|                                                                                                                                                  | 5.3 Potenciar a actividade física e deportiva entre a xuventude                                    |

**ÁREA ESTRATÉGICA 6. PARTICIPACIÓN E ASOCIACIONISMO**

| OBXECTIVO ESTRATÉGICO                                                                                                                            | OBXECTIVOS OPERATIVOS                                                                                                          |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Crear as condicións que fagan posible a emancipación da xuventude galega para a construción do seu proxecto vital e facilitar o acceso á vivenda | 6.1 Fortalecer a oferta de recursos e espazos para facilitar a participación en actividades de tempo libre e de ocio educativo |
|                                                                                                                                                  | 6.2 Impulsar o asociacionismo xuvenil e outras canles de participación e visibilización dos intereses da mocidade              |

**ÁREA ESTRATÉGICA 7. VOLUNTARIADO**

| OBXECTIVO ESTRATÉGICO                                                        | OBXECTIVOS OPERATIVOS                                                                                                                                           |
|------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Fomentar o compromiso social e os valores de solidariedade entre a xuventude | 7.1 Estimular a consciencia solidaria e o espírito colaborativo e promover a participación da xuventude en proxectos de acción voluntaria nos distintos ámbitos |

### ÁREA ESTRATÉGICA 8. INFORMACIÓN E FORMACIÓN

| OBXECTIVO ESTRATÉGICO                                                                                                                                                                                                     | OBXECTIVOS OPERATIVOS                                                                                                                                                                                                                                              |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Desenvolver unha política de comunicación efectiva e bidireccional coa mocidade, no marco dun sistema coordinado de intervención, a través da optimización dos procesos e da capacitación técnica en materia de xuventude | <p>8.1 Consolidar e ampliar as canles informativas e de comunicación coa mocidade</p> <p>8.2 Mellorar a cualificación do persoal que traballa no eido da xuventude e optimizar os procesos de traballo para incrementar a calidade e a eficiencia dos recursos</p> |

### ÁREA ESTRATÉGICA 9. MOBILIDADE XUVENIL E TURISMO

| OBXECTIVO ESTRATÉGICO                                                                                                                                                                     | OBXECTIVOS OPERATIVOS                                                                                                                                                                                                                      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Favorecer a mobilidade xuvenil exterior como vía de desenvolvemento persoal e profesional e promover o turismo e a mobilidade interna para o coñecemento e difusión da riqueza de Galicia | <p>9.1 Potenciar a mobilidade xuvenil internacional e o coñecemento da realidade galega para os mozos e as mozas da Galicia exterior</p> <p>9.2 Incentivar a mobilidade interna da mocidade a través de recursos e vantaxes económicas</p> |

### ÁREA ESTRATÉGICA 10. DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

| OBXECTIVO ESTRATÉGICO                                                                                                                                                                     | OBXECTIVOS OPERATIVOS                                                                                                                                                                                                                      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Favorecer a mobilidade xuvenil exterior como vía de desenvolvemento persoal e profesional e promover o turismo e a mobilidade interna para o coñecemento e difusión da riqueza de Galicia | <p>9.1 Potenciar a mobilidade xuvenil internacional e o coñecemento da realidade galega para os mozos e as mozas da Galicia exterior</p> <p>9.2 Incentivar a mobilidade interna da mocidade a través de recursos e vantaxes económicas</p> |

**ÁREA ESTRATÉGICA 11. IGUALDADE**

| OBXECTIVO ESTRATÉGICO                                                                                                    | OBXECTIVOS OPERATIVOS                                                                                                                                                                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Garantir a igualdade efectiva de toda a mocidade e combater todas as manifestacións da violencia de xénero e LGTBI fobia | 11.1 Promover a igualdade de oportunidades nos distintos eidos e a defensa dos dereitos de todas as persoas, con independencia da súa orientación sexual e da súa identidade de xénero |
|                                                                                                                          | 11.2 Impulsar a igualdade entre mulleres e homes e previr e combater todas as manifestacións da violencia de xénero                                                                    |

**ÁREA ESTRATÉGICA 12. MEDIO AMBIENTE**

| OBXECTIVO ESTRATÉGICO                                                                                   | OBXECTIVOS OPERATIVOS                                                                                                                                                                     |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Contribuír á preservación do medio e á implicación da xuventude en favor do desenvolvemento sustentable | 12.1 Consolidar unha conciencia social na poboación moza sobre o respecto ao medio ambiente e a crise climática e impulsar a sustentabilidade nas iniciativas e proxectos que desenvolvan |

**CADRO RESUMO 2: CÓMPUTO DE OBXECTIVOS OPERATIVOS E MEDIDAS SEGUNDO AS ÁREAS ESTRATÉGICAS DO PLAN ESTRATÉGICO DE XUVENTUDE DE GALICIA 2025-2027**

| ÁREA ESTRATÉGICA                                        | NÚMERO DE OBXECTIVOS OPERATIVOS | NÚMERO DE MEDIDAS |
|---------------------------------------------------------|---------------------------------|-------------------|
| ÁREA ESTRATÉGICA 1. EDUCACIÓN                           | 2                               | 12                |
| ÁREA ESTRATÉGICA 2. EMPREGO                             | 4                               | 18                |
| ÁREA ESTRATÉGICA 3. CREATIVIDADE E ESPÍRITO EMPRENDEDOR | 2                               | 8                 |
| ÁREA ESTRATÉGICA 4. EMANCIPACIÓN E VIVENDA              | 2                               | 11                |
| ÁREA ESTRATÉGICA 5. SAÚDE E DEPORTE                     | 3                               | 14                |
| ÁREA ESTRATÉGICA 6. PARTICIPACIÓN E ASOCIACIONISMO      | 2                               | 14                |
| ÁREA ESTRATÉGICA 7. VOLUNTARIADO                        | 1                               | 5                 |
| ÁREA ESTRATÉGICA 8. INFORMACIÓN E FORMACIÓN             | 2                               | 9                 |
| ÁREA ESTRATÉGICA 9. MOBILIDADE E TURISMO                | 2                               | 4                 |
| ÁREA ESTRATÉGICA 10. DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA           | 2                               | 14                |
| ÁREA ESTRATÉGICA 11. IGUALDADE                          | 2                               | 17                |
| ÁREA ESTRATÉGICA 12. MEDIO AMBIENTE                     | 1                               | 7                 |
| <b>TOTAL</b>                                            | <b>25</b>                       | <b>133</b>        |



No seguinte capítulo expónse **o programa de medidas do Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2025-2027**, estruturado en doce epígrafes, correspondentes a cada unha das áreas estratéxicas.

A información sobre as medidas preséntase en táboas nas que, tras o seu enunciado, se detallan para cada unha delas o departamento autonómico competente, seguido dos indicadores de realización e de resultado –no seu caso–, co fin de facilitar un adecuado seguimento e verificación da implantación ou desenvolvemento das actuacións e, polo tanto, indicativos do grao de execución.

No caso das accións que non se dirixen de forma específica á poboación moza, o indicador relativo ao número de persoas beneficiarias ou participantes da actuación, servizo ou programa entenderase referido ao número de **persoas novas**. Segundo a Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, considéranse persoas novas os mozos e as mozas con idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos. Non obstante, é posible certa variación neste rango de idade, xustificada polas características da poboación moza destinataria da actuación (por exemplo, axudas destinadas á mocidade que se estenden ata os 35 anos).



## 7. PROGRAMA DE MEDIDAS

---

### 7.1. ÁREA ESTRATÉGICA 1. EDUCACIÓN

---

A través desta primeira área estratéxica, a Xunta de Galicia seguirá apostando pola formación integral da xuventude galega nas distintas etapas e nos diferentes tipos de ensino, no marco dun sistema educativo innovador que facilite os apoios necesarios para a continuidade dos estudos e a ampliación de coñecementos e competencias das mozas e dos mozos galegos.

Para iso, no marco do primeiro obxectivo operativo, consolidaranse os **apoios necesarios** para garantir o éxito escolar de todo o alumnado e **fomentar a permanencia e a continuidade no sistema educativo** a través de modalidades formativas flexibles e adaptadas, cun esforzo destacado na ampliación da oferta de formación profesional.

Ademais, garantíranse os apoios económicos ao alumnado universitario con dificultades, así como á mocidade galega do exterior que queira cursar estudos universitarios ou de formación profesional na comunidade autónoma.

Precisamente, a **mobilidade socioeducativa** é unha liña importante de actuación para a mellora da formación académica, polo que se dará continuidade ás axudas complementarias do programa Erasmus+, así como a outras bolsas para cursar estudos en países extracomunitarios.

Reforzar as **competencias que faciliten a incorporación da poboación moza á esfera laboral** constitúe o segundo obxectivo operativo desta área. Para iso, ademais dunha adecuada comprensión lectora, é esencial incidir en dous eixes fundamentais: as habilidades STEM e o manexo de linguas estranxeiras.

Así, nos vindeiros anos potenciaranse as actuacións para estimular as habilidades científicas e tecnolóxicas, de maneira especial entre as rapazas, as cales presentan unha menor inclinación por estas ramas dos estudos, tal e como revelan as estatísticas.

A Administración autonómica aposta tamén por un manexo efectivo dunha terceira lingua. Con este obxectivo, desenvolveranse programas que contribúan ao perfeccionamento no manexo doutros idiomas, para o que se ofrecerán axudas para estadias no estranxeiro dirixidas ao alumnado universitario e de bacharelato, e reforzaranse programas de inmersión lingüística nos centros educativos a través de actividades dixitais.

» **OBXECTIVO ESTRATÉGICO: GARANTIR A FORMACIÓN INTEGRAL DA XUVENTUDE GALEGA AO LONGO DAS DISTINTAS ETAPAS, NO MARCO DUN SISTEMA EDUCATIVO INNOVADOR DE APOIOS E DE RECOÑECIMENTO DA EXCELENCIA QUE FACILITE A EMPREGABILIDADE**

**Obxectivo operativo 1.1 Consolidar un sistema de apoios que permita a continuidade formativa e incentivar a mobilidade socioeducativa europea e internacional**

**MEDIDA 1.1.1 CONTINUIDADE DOS PROGRAMAS DE APOIO Á MOBILIDADE DA MOCIDADE UNIVERSITARIA PARA A MELLORA DA SÚA FORMACIÓN ACADÉMICA**

**Responsables** Departamento responsable en materia de universidades

**Indicadores de seguimiento** Alumnado beneficiario por sexo e bolsa/programa

**MEDIDA 1.1.2 APOIO AO ALUMNADO UNIVERSITARIO CON DIFICULTADES ECONÓMICAS**

**Responsables** Departamento responsable en materia de universidades  
Departamento responsable en materia de turismo

**Indicadores de seguimiento** Alumnado beneficiario por sexo e bolsa/axuda

**MEDIDA 1.1.3 CONSOLIDACIÓN DAS ACCIÓNS DE RECOÑECIMENTO DA EXCELENCIA ACADÉMICA NAS DISTINTAS ETAPAS EDUCATIVAS**

**Responsables** Departamento responsable en materia de universidades  
Departamento responsable en materia de ordenación educativa

**Indicadores de seguimiento** Alumnado premiado por sexo, etapa e grao académico

**MEDIDA 1.1.4 FOMENTO DO RETORNO DA MOCIDADE GALEGA DO EXTERIOR A TRAVÉS DE AXUDAS PARA A AMPLIACIÓN DA SÚA FORMACIÓN**

**Responsables** Departamento responsable en materia de emigración  
Departamento responsable en materia de formación profesional

**Indicadores de seguimiento** Alumnado beneficiario por sexo e bolsa/programa

**MEDIDA 1.1.5 APOIO Á CONTINUIDADE DA FORMACIÓN UNIVERSITARIA DAS MOZAS E DOS MOZOS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO**

**Responsables** Departamento responsable en materia de universidades

**Indicadores de seguimiento** Alumnado beneficiario por sexo e bolsa

**MEDIDA 1.1.6 FORTALECEMENTO DA OFERTA DE FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL COMO FÓRMULA PARA MELLORAR A INSERCIÓN LABORAL FUTURA DOS MOZOS E DAS MOZAS**

**Responsables** Departamento responsable en materia de formación profesional

**Indicadores de seguimiento**

- Número de ciclos formativos existentes
- Número de novos ciclos formativos implantados
- Alumnado matriculado por sexo e ciclo formativo

**MEDIDA 1.1.7 FOMENTO DA PERMANENCIA E A CONTINUIDADE DA POBOACIÓN MOZA NO SISTEMA EDUCATIVO A TRAVÉS DE MODALIDADES FORMATIVAS FLEXIBLES E ADAPTABLES**

**Responsables** Departamento responsable en materia de formación profesional

**Indicadores de seguimiento** Alumnado matriculado por sexo e modalidade formativa

**MEDIDA 1.1.8 MANTEMENTO DAS ACCIÓNS EDUCATIVAS DIRIXIDAS A GARANTIR O ÉXITO ESCOLAR DE TODO O ALUMNADO, EN ESPECIAL DAQUEL EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE EDUCATIVA**

**Responsables** Departamento responsable en materia de ordenación educativa

**Indicadores de seguimiento**

- Número de centros beneficiarios
- Alumnado participante por sexo

## Obxectivo operativo 1.2 Reforzar as competencias que faciliten a incorporación da poboación moza á esfera laboral

### MEDIDA 1.2.1 REFORZAMENTO DAS ACTUACIÓNS DE ESTÍMULO DAS VOCACIÓNS CIENTÍFICAS E TECNOLÓXICAS A TRAVÉS DO FOMENTO DAS HABILIDADES STEM

|                                  |                                                                    |
|----------------------------------|--------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamentos responsables en materia de innovación                |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Alumnado participante por sexo<br>Centros educativos participantes |

### MEDIDA 1.2.2 DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS QUE CONTRIBÚAN AO PERFECCIONAMENTO NO MANEXO DAS LINGUAS ESTRANXEIRAS

|                                  |                                                                                                                     |
|----------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de ordenación educativa<br>Departamento responsable en materia de universidades |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Alumnado beneficiario por sexo e bolsa/axuda                                                                        |

### MEDIDA 1.2.3 IMPULSO DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA LECTURA ENTRE A MOCIDADE

|                                  |                                                                                                                                      |
|----------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de cultura                                                                                       |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de actividades desenvolvidas nas bibliotecas<br>Número de actividades programadas<br>Número de persoas participantes por sexo |

## 7.2. ÁREA ESTRATÉGICA 2. EMPREGO

Como se pode derivar das estatísticas do ámbito laboral, as persoas de 16 a 29 anos teñen máis dificultades que outros segmentos da poboación para incorporarse e permanecer no mercado laboral, tanto en Galicia como no conxunto de España.

Mellorar a empregabilidade, a inserción laboral e a potenciación do talento das persoas mozas, por medio da adquisición de experiencia profesional, da orientación para a procura

de emprego, da formación e da acreditación de competencias é un obxectivo central do Goberno galego.

Nesta liña, o obxectivo previsto para esta área estratéxica é consolidar en Galicia as condicións que lles permitan ás persoas mozas construír nela os seus proxectos de vida e de futuro profesional e persoal, posibilitar a remuda xeracional no mercado laboral, crear novas iniciativas emprendedoras, apoiar o desenvolvemento económico con base en actividades de valor engadido e impulsar a competitividade das empresas e do mercado laboral galego, grazas ao talento e á cualificación das novas xeracións.

Para iso, como primeiro obxectivo operativo, desenvolveranse distintas medidas dirixidas a acadar unha transición eficiente da etapa educativa á etapa laboral, **afianzando o sistema de apoios á contratación e ao desenvolvemento das primeiras experiencias profesionais**.

Así, a Administración autonómica vai seguir traballando na promoción e na mellora continuada da empregabilidade das persoas mozas para a retención e impulso do talento mozo, fortalecendo os apoios ás carreiras investigadoras e á contratación de persoas novas en todos os ámbitos de actividade económica e, especialmente, no ámbito da investigación, do desenvolvemento e da innovación.

Ademais, levaranse a cabo accións que procuran tanto o **reforzo de competencias profesionais** para favorecer a empregabilidade nos distintos ámbitos como facilitar as primeiras experiencias profesionais a través de prácticas laborais e de axudas para as primeiras contratacións, mediante diferentes modalidades de formación para o emprego e programas de formación en alternancia coa práctica profesional, entre outras medidas.

Outro obxectivo específico desta área estratéxica é **o impulso do autoemprego e do emprendemento xuvenil**. Nos próximos anos, o apoio á mocidade emprendedora seguirase potenciando a través de distintos tipos de axudas á creación de empresas e iniciativas de traballo por conta propia. Para iso, facilitarase formación, asesoramento e acompañamento inicial a través da Rede de Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego ás persoas mozas que aposten polo seu proxecto de negocio, así como financiamento e beneficios fiscais, favorecendo a remuda xeracional no tecido empresarial.

Neste ámbito promoveranse e apoiaranse de xeito concreto as iniciativas empresariais baseadas na economía social e cooperativa, como unha alternativa estable e de calidade para o emprego e o autoemprego colectivo.

Nesta mesma liña, e como obxectivo complementario do anterior, debe aproveitarse o potencial que ofrece o **ámbito laboral como espazo de igualdade e de integración social**, especialmente no caso das persoas mozas emigrantes retornadas e migrantes en xeral, que poidan comezar a construír os seus novos proxectos vitais a partir dunha ocupación efectiva.

Así, como resposta ao reto demográfico e como aposta pola vertebración territorial e a loita contra o despoboamento do rural, fíxase como meta fomentar o asentamento e a empregabilidade da mocidade no medio rural.

Cómpre potenciar un desenvolvemento económico e territorialmente cohesionado, a través do fomento da creación e consolidación de actividades económicas sustentables no medio rural. O compromiso da Administración galega neste ámbito é o de contribuír á creación de empresas; **fomentar a diversificación das actividades económicas e promover e favorecer o relevo xeracional no tecido empresarial.**

Reforzaranse para iso os apoios ao emprendemento xuvenil, tanto na actividade agraria como noutros sectores da economía e promoveranse accións para a mellora da cualificación e da empregabilidade das mozas e dos mozos que residen ou deciden asentarse en concellos rurais de Galicia.

Como último obxectivo operativo nesta área, e pola súa relevancia en relación co desenvolvemento do futuro profesional das persoas mozas galegas, a Administración autonómica **liderará un escenario de sinerxías institucionais para o impulso do emprego xuvenil.**

Deste xeito, promoverase a coordinación e a **participación público – privada** nesta área cara a estes obxectivos mediante, entre outras actuacións, o desenvolvemento e seguimento dunha estratexia específica de emprego xuvenil: **a Estratexia MOCIDADE ACTIVA** que, derivada dos obxectivos e medidas aquí descritas, concrete, contextualice e amplíe as actuacións requiridas para a súa consecución.

## » **OBXECTIVO ESTRATÉGICO: FACILITAR A TRANSICIÓN AO MUNDO LABORAL E MELLORAR A EMPREGABILIDADE DA MOCIDADE GALEGA**

**Obxectivo operativo 2.1 Afianzar un sistema de apoios á contratación e ao desenvolvemento das primeiras experiencias profesionais**

### **MEDIDA 2.1.1 FORTALECEMENTO DOS APOIOS Á MOCIDADE AO LONGO DA CARREIRA INVESTIGADORA**

|                                  |                                                                    |
|----------------------------------|--------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de innovación                  |
|                                  | Departamento responsable en materia de universidades               |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de persoas beneficiarias por sexo e bolsa/programa/contrato |
|                                  | Número de persoas doutoradas por sexo, idade e titulación          |

**MEDIDA 2.1.2 IMPULSO DA ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS EN MATERIA DE INTERNACIONALIZACIÓN EMPRESARIAL**

|                     |                                                            |
|---------------------|------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b> | Departamento responsable en materia de promoción económica |
|---------------------|------------------------------------------------------------|

|                                   |                                                           |
|-----------------------------------|-----------------------------------------------------------|
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de persoas beneficiarias por sexo e bolsa/programa |
|-----------------------------------|-----------------------------------------------------------|

**MEDIDA 2.1.3 APOIO Á FORMACIÓN TEÓRICO-PRÁCTICA DA MOCIDADE EN DISTINTOS ÁMBITOS PARA FAVORECER A EMPREGABILIDADE**

|                     |                                                                      |
|---------------------|----------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b> | Departamento responsable en materia de cultura                       |
|                     | Departamento responsable en materia de medios de comunicación        |
|                     | Departamento responsable en materia de comercio                      |
|                     | Departamento responsable en materia de industria                     |
|                     | Departamento responsable en materia de turismo                       |
|                     | Departamento responsable en materia de relacións exteriores e coa UE |
|                     | Departamento responsable en materia de desenvolvemento pesqueiro     |

|                                   |                                                                       |
|-----------------------------------|-----------------------------------------------------------------------|
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de persoas beneficiarias por sexo, bolsa/programa e titulación |
|-----------------------------------|-----------------------------------------------------------------------|

**MEDIDA 2.1.4 INFORMACIÓN E FOMENTO DA CUALIFICACIÓN TÉCNICA NO ÁMBITO DA COOPERACIÓN INTERNACIONAL E DAS INSTITUCIÓN POLÍTICAS**

|                     |                                                                      |
|---------------------|----------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b> | Departamento responsable en materia de relacións exteriores e coa UE |
|---------------------|----------------------------------------------------------------------|

|                                   |                                                           |
|-----------------------------------|-----------------------------------------------------------|
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de persoas beneficiarias por sexo e bolsa/programa |
|-----------------------------------|-----------------------------------------------------------|



#### MEDIDA 2.1.5 APOIO Á CONTRATACIÓN DE MOZAS E MOZOS PARA A EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE I+D+I

|                                   |                                                   |
|-----------------------------------|---------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>               | Departamento responsable en materia de innovación |
|                                   | Departamento responsable en materia de emprego    |
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de persoas contratadas por sexo e programa |
|                                   | Número de empresas/entidades beneficiarias        |

#### MEDIDA 2.1.6 DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS INTEGRAIS PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE DAS PERSOAS MOZAS

|                                   |                                                                            |
|-----------------------------------|----------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>               | Departamento responsable en materia de formación para o emprego            |
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de programas desenvolvidos                                          |
|                                   | Número de obradoiros realizados                                            |
|                                   | Número de persoas participantes por sexo e idade                           |
|                                   | Número de persoas participantes que obteñen cualificación por sexo e idade |

#### MEDIDA 2.1.7 CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS EMPRESAS PARA A REALIZACIÓN DAS PRIMEIRAS CONTRATACIÓNS ENFOCADAS Á OBTENCIÓN DA PRÁCTICA PROFESIONAL

|                                   |                                                                                   |
|-----------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>               | Departamento responsable en materia de emprego                                    |
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de axudas concedidas por liña/programa                                     |
|                                   | Número de persoas beneficiarias por sexo                                          |
|                                   | Número de persoas empregadas nos seis meses seguintes á súa contratación por sexo |

#### MEDIDA 2.1.8 CONTINUIDADE DAS AXUDAS PARA A OBTENCIÓN DO CARNÉ DE CONDUCIR DE TIPO B E C

|                                   |                                                  |
|-----------------------------------|--------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>               | Departamento responsable en materia de xuventude |
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de axudas concedidas por tipo de carné    |
|                                   | Número de persoas beneficiarias por sexo         |

**Obxectivo operativo 2.2 Impulsar o autoemprego e o emprendemento xuvenil****MEDIDA 2.2.1 PROMOCIÓN DO AUTOEMPREGO E DA ACTIVIDADE EMPREENDEDORA DA MOCIDADE GALEGA RETORNADA**

|                     |                                                   |
|---------------------|---------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b> | Departamento responsable en materia de emigración |
|---------------------|---------------------------------------------------|

|                                   |                                          |
|-----------------------------------|------------------------------------------|
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de persoas beneficiarias por sexo |
|-----------------------------------|------------------------------------------|

**MEDIDA 2.2.2 CONSOLIDACIÓN DOS PROGRAMAS DE APOIO AO EMPRENDEMENTO INNOVADOR**

|                     |                                                            |
|---------------------|------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b> | Departamento responsable en materia de promoción económica |
|---------------------|------------------------------------------------------------|

|                                   |                                                    |
|-----------------------------------|----------------------------------------------------|
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de proxectos seleccionados por convocatoria |
|                                   | Número de empresas creadas                         |
|                                   | Número de postos creados por sexo                  |

**MEDIDA 2.2.3 DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE INFORMACIÓN, ASESORAMENTO E APOIO PARA O FOMENTO DO COOPERATIVISMO E DA ECONOMÍA SOCIAL**

|                     |                                                                  |
|---------------------|------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b> | Departamento responsable en materia de emprego (economía social) |
|---------------------|------------------------------------------------------------------|

|                                   |                                                                                       |
|-----------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de entidades de economía social beneficiarias                                  |
|                                   | Número de persoas que se incorporan como socias traballadoras ou de traballo por sexo |
|                                   | Número de actividades de formación e difusión por tipoloxía                           |
|                                   | Número de asesoramentos realizados                                                    |
|                                   | Número de proxectos asesorados e titorizados                                          |
|                                   | Número de persoas titorizadas por sexo                                                |
|                                   | Número de cursos realizados                                                           |
|                                   | Número de persoas formadas por sexo                                                   |

**MEDIDA 2.2.4 CONCESIÓN DE BENEFICIOS FISCAIS QUE FAVOREZAN QUE MOZAS E MOZOS CREEN O SEU PROPIO NEGOCIO**

|                                   |                                                                                                                                  |
|-----------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>               | Departamento responsable en materia tributaria                                                                                   |
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de persoas beneficiarias das deducións fiscais por sexo<br>Número de persoas beneficiarias das reducións fiscais por sexo |

**MEDIDA 2.2.5 IMPULSO AO EMPRENDEMENTO XUVENIL A TRAVÉS DE AXUDAS NA PRIMEIRA ETAPA DO PROXECTO**

|                                   |                                                                   |
|-----------------------------------|-------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>               | Departamento responsable en materia de emprego                    |
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de persoas mozas que se establecen como autónomas por sexo |

**Obxectivo operativo 2.3 Fomentar o asentamento e a empregabilidade da mocidade no medio rural****MEDIDA 2.3.1 FOMENTO DO EMPRENDEMENTO XUVENIL NO MEDIO RURAL A TRAVÉS DO APOIO Á INCORPORACIÓN DE PERSOAS MOZAS Á ACTIVIDADE AGRARIA**

|                                   |                                                                                                                                                                           |
|-----------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>               | Departamento responsable en materia de desenvolvemento rural<br>Departamento responsable en materia de agricultura                                                        |
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de persoas beneficiarias das axudas por sexo<br>Número de persoas premiadas por sexo (Premios de Desenvolvemento Rural)<br>Número de persoas incorporadas por sexo |

**MEDIDA 2.3.2 IMPULSO DE ESPAZOS INTERNACIONAIS DE ENCONTRO PARA O INTERCAMBIO DE HABILIDADES E FERRAMENTAS QUE CONTRIBÚAN A PERFECCIONAR AS CAPACIDADES FORMATIVAS E PROFESIONAIS DA MOCIDADE EN CONTORNAS RURAIS**

|                                  |                                                                                                                                    |
|----------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de relacións exteriores e coa UE                                                               |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de actividades realizadas por tipoloxía<br>Número de cursos realizados<br>Número de persoas participantes/formadas por sexo |

**MEDIDA 2.3.3 DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE MELLORA DA EMPREGABILIDADE DA MOCIDADE RESIDENTE EN ZONAS RURAIS**

|                                  |                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
|----------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de xuventude                                                                                                                                                                                                                                    |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de organizacións que cooperan<br>Número de accións piloto desenvolvidas<br>Número de instrumentos de política abordados<br>Número de eventos de aprendizaxe de políticas<br>Número de boas prácticas identificadas<br>Número de persoas participantes/beneficiarias por sexo |

**Obxectivo operativo 2.4 Consolidar os apoios e as iniciativas que promoven a transición da mocidade do mundo académico ao laboral**

**MEDIDA 2.4.1 DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA INTEGRAL DE MENTORÍA E DE FORMACIÓN NON FORMAL DIRIXIDO Á MOCIDADE PARA A MELLORA DAS COMPETENCIAS**

|                                  |                                                                                                                                                                                                                                            |
|----------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de xuventude                                                                                                                                                                                           |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de actividades formativas<br>Número de persoas formadas por sexo<br>Número de proxectos subvencionados<br>Número de empresas colaboradoras para a realización de estadías<br>Número de persoas participantes/beneficiarias por sexo |

**MEDIDA 2.4.2 PROMOCIÓN DO LIDERADO XUVENIL A TRAVÉS DE PROGRAMAS INCLUSIVOS QUE FOMENTEN O EMPRENDEMENTO SOCIAL E A IMPLANTACIÓN DOS OBXECTIVOS DA AXENDA 2030 POR PARTE DA MOCIDADE RURAL**

|                                  |                                                                      |
|----------------------------------|----------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de relacións exteriores e coa UE |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de cursos de formación                                        |
|                                  | Número de persoas formadas por sexo                                  |
|                                  | Número de reunións internacionais                                    |
|                                  | Número de eventos realizados                                         |
|                                  | Número de persoas participantes/beneficiarias por sexo               |

### 7.3. ÁREA ESTRATÉGICA 3. CREATIVIDADE E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

No marco desta terceira área estratéxica, a Xunta de Galicia fai unha aposta pola capacidade creativa e o talento das mozas e dos mozos galegos, á vez que se fomenta o espírito emprendedor e se apoian as iniciativas xuvenís.

Con esta finalidade, desenvolveranse programas e actuacións diversas destinadas a **estimular o espírito emprendedor desde idades temperás**. Entre outras accións, impulsaranse programas educativos e actividades lúdico-formativas (concursos, obradoiros etc.) para propiciar a cultura emprendedora e aproximarse ao mundo da economía social e ás ideas de negocio, achegando o coñecemento á rapazada e á mocidade a través dos centros das distintas ensinanzas.

O segundo obxectivo operativo pretende **fomentar o talento, as capacidades creativas e as iniciativas da xuventude nos distintos eidos**.

Para iso, entre outras accións, premiaranse e recoñeceranse aqueles proxectos e negocios xa en marcha, así como traxectorias vitais sobresaíntes da mocidade galega en diversos ámbitos, como o deporte, a actividade no rural, a creación ou a ciencia.

Ademais, favorecerase o traballo creativo da xuventude galega, co fin de fomentar a actividade creadora e facilitar a promoción e a difusión da súa obra en disciplinas e especialidades diversas, como as artes plásticas, a arte urbana, a creación de videoxogos, a moda, o deseño, as artes escénicas e a literatura, así como no sector tecnolóxico e dixital.

Apoiaranse tamén as iniciativas xuvenís no ámbito da creación e a interpretación musical a través da organización de eventos, concursos e premios, tanto de música tradicional como de música urbana e de novas apostas musicais.

Realizaranse tamén actividades diversas como festivais, exposicións, programas formativos e organizaranse puntos de encontro para o intercambio artístico, no que se lles brinde a novas e novos artistas a oportunidade de expor o seu proxecto ante persoas profesionais recoñecidas do sector artístico nacional.

Ademais, dentro dos Espazos Xoves dependentes da Dirección Xeral de Xuventude destinaranse emprazamentos específicos ao emprendemento xuvenil, consistentes en pequenos espazos a través dos que impulsar ideas e proxectos de negocio.

## » **OBXECTIVO ESTRATÉGICO: POTENCIAR AS CAPACIDADES CREATIVAS E O DESENVOLVEMENTO DO TALENTO, AO TEMPO QUE SE FOMENTAN AS INICIATIVAS PROPIAS DA MOCIDADE NOS DIFERENTES ÁMBITOS**

### Obxectivo operativo 3.1 Estimular o espírito emprendedor desde idades temperás

#### MEDIDA 3.1.1 DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS EDUCATIVOS PARA A ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS E FOMENTAR O ESPÍRITO EMPRENDEDOR ENTRE A MOCIDADE

| Responsables               | Departamento responsable en materia de formación profesional                          |
|----------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|
| Indicadores de seguimiento | Número de centros participantes                                                       |
|                            | Número de ciclos participantes                                                        |
|                            | Número de empresas participantes                                                      |
|                            | Número de actividades desenvolvidas por tipoloxía                                     |
|                            | Número de visitas a empresas, centros integrados de formación profesional (CIFP) etc. |
|                            | Número de premios outorgados                                                          |
|                            | Alumnado participante por sexo                                                        |
|                            | Número de actividades de mentoría realizadas                                          |
|                            | Número de sesións formativas realizadas                                               |
|                            | Alumnado formado por sexo en cada opción formativa                                    |

**MEDIDA 3.1.2 CONTINUIDADE DAS ACTIVIDADES LÚDICO-EDUCATIVAS PARA O ESTÍMULO DA CULTURA EMPREENDEDORA DESDE IDADES TEMPERÁS**

|                                   |                                                                                         |
|-----------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>               | Departamento responsable en materia de formación profesional                            |
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de centros participantes<br>Número de xornadas<br>Alumnado participante por sexo |

**MEDIDA 3.1.3 REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DO COOPERATIVISMO E A ECONOMÍA SOCIAL ENTRE O ALUMNADO**

|                                   |                                                                                                                        |
|-----------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>               | Departamento responsable en materia de emprego (economía social)                                                       |
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de centros participantes<br>Alumnado participante por sexo<br>Alumnado premiado por sexo e categoría do certame |

**Obxectivo operativo 3.2 Fomentar o desenvolvemento do talento, as capacidades creativas e a iniciativa xuvenil nos distintos eidos****MEDIDA 3.2.1 CONTINUIDADE DAS ACCIÓNS DE RECOÑECIMENTO E PREMIO DO TALENTO DE MOZAS E MOZAS NOS DISTINTOS ÁMBITOS**

|                                   |                                                                                                    |
|-----------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>               | Departamento responsable en materia de xuventude                                                   |
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de persoas participantes<br>Número de persoas premiadas/beneficiarias por sexo e modalidade |

**MEDIDA 3.2.2 FOMENTO DA ACTIVIDADE CREADORA ENTRE A MOCIDADE, A TRAVÉS DE PROGRAMAS DE EMPRENDIMENTO NO EIDO CREATIVO E ACCIÓNS DE DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DAS SÚAS OBRAS NOS DIFERENTES EIDOS**

|                                  |                                                                      |
|----------------------------------|----------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de xuventude                     |
|                                  | Departamento responsable en materia de relacións exteriores e coa UE |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de proxectos presentados                                      |
|                                  | Número de participantes por sexo                                     |
|                                  | Número de persoas premiadas por sexo                                 |
|                                  | Número de eventos realizados                                         |

**MEDIDA 3.2.3 APOIO ÁS INICIATIVAS XUVENÍS NO ÁMBITO DA CREACIÓN E DA INTERPRETACIÓN MUSICAL**

|                                  |                                                |
|----------------------------------|------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de cultura |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de bandas noveis participantes          |
|                                  | Número de bandas tradicionais participantes    |
|                                  | Número de persoas participantes por sexo       |
|                                  | Número de persoas asistentes aos eventos       |

**MEDIDA 3.2.4 PROMOCIÓN DE ENCONTROS E OUTRAS ACTIVIDADES QUE ESTIMULEN A ACTIVIDADE CREADORA NOS DISTINTOS SECTORES ARTÍSTICOS E FAVOREZAN O INTERCAMBIO DE EXPERIENCIAS ENTRE NOVOS E NOVAS CREADORAS**

|                                  |                                                                    |
|----------------------------------|--------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de cultura                     |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de actividades realizadas por tipoloxía                     |
|                                  | Número de participantes por sexo                                   |
|                                  | Número de actividades formativas realizadas                        |
|                                  | Número de persoas formadas por sexo                                |
|                                  | Número de persoas que mercaron entradas con desconto de Carné xove |



**MEDIDA 3.2.5 CREACIÓN DE ESPAZOS PARA O EMPRENDEMENTO DENTRO DOS ESPAZOS XOVES  
PARA FAVORECER O DESENVOLVEMENTO DE IDEAS E DE PROXECTOS EMPRESARIAIS**

|                                  |                                                                       |
|----------------------------------|-----------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de xuventude                      |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de espazos creados<br>Número de persoas beneficiarias por sexo |

## 7.4. ÁREA ESTRATÉGICA 4. EMANCIPACIÓN E VIVENDA

A emancipación da poboación moza presenta cifras baixas, tanto no conxunto do Estado como en Galicia. A principal razón que esgrimen as mozas e os mozos para non materializar a súa intención de emanciparse é a falta de estabilidade. A isto hai que engadir un contexto de elevados prezos no sector inmobiliario, o que dificulta o acceso ao mercado da vivenda, xa sexa en alugueiro ou en propiedade.

Aínda que o alugueiro é a forma máis común de emancipación das persoas novas, a subida de prezos ano tras ano é superior á dos salarios da xuventude. Cada vez é máis difícil acceder a un alugueiro que supoña, como máximo, o 30 % do salario mediano dunha persoa moza, porcentaxe que a maioría dos estudos sinala como o máximo aceptable.

Conscientes destas dificultades, a Xunta de Galicia porá en marcha nos próximos anos distintas iniciativas para crear as condicións que fagan posible a emancipación da xuventude galega e facilitarlle o acceso á vivenda.

Para iso, o primeiro obxectivo operativo desta área centrarase en **orientar a mocidade sobre o proceso de emancipación residencial e en facilitarlle o acceso aos distintos recursos**.

Para iso, vanse realizar accións de información e asesoramento sobre os distintos recursos dispoñibles para a poboación moza, xa sexa no ámbito formativo e do emprego como en materia de axudas e subvencións que faciliten o acceso á vivenda.

Ademais, poñeranse en marcha **axudas económicas** que lle faciliten á mocidade emprender o seu proxecto de vida de xeito independente e sufragar, así, gastos inherentes á emancipación, como son os relacionados co equipamento da vivenda (adquisición de mobiliario, electrodomésticos, téxtil de fogar e gastos de xestión ou notaría, entre outros).

Como segundo obxectivo operativo, **cómpre fortalecer os apoios que permitan que a poboación moza acceda a unha vivenda en condicións máis beneficiosas**, na modalidade

de alugueiro ou en propiedade. Isto vaise traducir na concesión de axudas e na aplicación de criterios que favorezan que a xuventude poida alugar ou mercar unha vivenda de uso habitual, con significativas cotas de reserva para este colectivo. Ademais, manteranse os beneficios fiscais para a compra ou o alugueiro.

A isto hai que engadir que os departamentos competentes en materia de xuventude e de vivenda promoverán actuacións e programas conxuntos para facilitar a emancipación da mocidade e impulsarán, entre outras iniciativas, a promoción e a xestión de aloxamentos compartidos para satisfacer as necesidades transitorias de vivenda das persoas mozas.

Estas medidas de acción positiva, axudas e beneficios fiscais, terán ademais unha especial consideración cos núcleos históricos e coas zonas rurais, o que contribuirá á fixación de poboación moza nestas áreas.

## » **OBXECTIVO ESTRATÉGICO: CREAR AS CONDICIÓNS QUE FAGAN POSIBLE A EMANCIPACIÓN DA XUVENTUDE GALEGA PARA A CONSTRUCCIÓN DO SEU PROXECTO VITAL E FACILITAR O ACCESO Á VIVENDA**

### **Obxectivo operativo 4.1 Orientar a mocidade no proceso de emancipación residencial e facilitar o seu acceso aos distintos recursos**

#### **MEDIDA 4.1.1 DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN E DE ASESORAMENTO SOBRE OS DISTINTOS RECURSOS (AXUDAS PARA O ACCESO Á VIVENDA, AXUDAS Á FORMACIÓN, APOIOS AO EMPRENDEMENTO, SECTORES CON DEMANDA PARA A CONTRATACIÓN ETC.) PARA FACILITAR A EMANCIPACIÓN DA MOCIDADE**

|                                  |                                                                                            |
|----------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de xuventude                                           |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de actividades realizadas por tipoloxía<br>Número de persoas beneficiarias por sexo |

#### **MEDIDA 4.1.2 POSTA EN MARCHA DE AXUDAS ECONÓMICAS QUE FACILITEN A EMANCIPACIÓN XUVENIL**

|                                  |                                                          |
|----------------------------------|----------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de xuventude         |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de persoas beneficiarias por sexo e tipo de axuda |

## Obxectivo operativo 4.2 Apoiar a mocidade no acceso ao alugueiro e á compra dunha vivenda

### MEDIDA 4.2.1 APOIO ÁS PERSOAS NOVAS PARA A ADQUISICIÓN DUNHA VIVENDA A TRAVÉS DO PROGRAMA DE AVAIS Á MOCIDADE

|                     |                                                |
|---------------------|------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b> | Departamento responsable en materia de vivenda |
|---------------------|------------------------------------------------|

|                                  |                                                    |
|----------------------------------|----------------------------------------------------|
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de persoas beneficiarias dos avais por sexo |
|----------------------------------|----------------------------------------------------|

### MEDIDA 4.2.2 CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DUNHA VIVENDA DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA (VPA) PARA AS MOZAS E OS MOZOS

|                     |                                                |
|---------------------|------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b> | Departamento responsable en materia de vivenda |
|---------------------|------------------------------------------------|

|                                  |                                          |
|----------------------------------|------------------------------------------|
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de persoas beneficiarias por sexo |
|----------------------------------|------------------------------------------|

### MEDIDA 4.2.3 AXUDAS PARA O ALUGUEIRO DUNHA VIVENDA

|                     |                                                |
|---------------------|------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b> | Departamento responsable en materia de vivenda |
|---------------------|------------------------------------------------|

|                                  |                                          |
|----------------------------------|------------------------------------------|
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de persoas beneficiarias por sexo |
|----------------------------------|------------------------------------------|

### MEDIDA 4.2.4 APOIOS PARA QUE A MOCIDADE CON ESCASOS RECURSOS ECONÓMICOS ACCEDA Á VIVENDA DE PROMOCIÓN PÚBLICA (VPP)

|                     |                                                |
|---------------------|------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b> | Departamento responsable en materia de vivenda |
|---------------------|------------------------------------------------|

|                                  |                                                   |
|----------------------------------|---------------------------------------------------|
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de persoas que acceden a unha VPP por sexo |
|----------------------------------|---------------------------------------------------|

**MEDIDA 4.2.5 CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O ACCESO Á VIVENDA QUE CONTRIBÚAN Á FIXACIÓN DE POBOACIÓN E AO ASENTAMENTO DA MOCIDADE NO RURAL (CONCELLOS DE MENOS DE 10.000 HABITANTES)**

**Responsables** Departamento responsable en materia de vivenda

**Indicadores de seguimiento** Número de persoas beneficiarias por sexo

**MEDIDA 4.2.6 CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O ACCESO Á VIVENDA QUE CONTRIBÚAN Á FIXACIÓN DE POBOACIÓN E AO ASENTAMENTO DA MOCIDADE NOS CONXUNTOS HISTÓRICOS**

**Responsables** Departamento responsable en materia de vivenda

**Indicadores de seguimiento** Número de persoas beneficiarias por sexo

**MEDIDA 4.2.7 PROMOCIÓN DE ALOXAMENTOS COMPARTIDOS DESTINADOS A SATISFACER AS NECESIDADES TRANSITORIAS DE VIVENDA DA MOCIDADE**

**Responsables** Departamento responsable en materia de vivenda

**Indicadores de seguimiento** Número de aloxamentos promovidos

**MEDIDA 4.2.8 CONCESIÓN DE BENEFICIOS FISCAIS DESTINADOS Á ADQUISICIÓN DUNHA VIVENDA DE USO HABITUAL EN ZONAS RURAIS POR PARTE DE PERSOAS NOVAS**

**Responsables** Departamento responsable en materia tributaria

**Indicadores de seguimiento** Número de persoas beneficiarias das deducións e reducións fiscais por sexo  
Importe do aforro obtido polas persoas contribuíntes como consecuencia da aplicación das deducións e reducións

#### MEDIDA 4.2.9 APLICACIÓN DE BENEFICIOS FISCAIS QUE FACILITEN O ACCESO DA XUVENTUDE A UNHA VIVENDA EN PROPIEDAD OU EN ALUGUEIRO

|                                  |                                                                                                                                                                                                  |
|----------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia tributaria                                                                                                                                                   |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de persoas beneficiarias das deducións e reducións fiscais por sexo<br>Importe do aforro obtido polas persoas contribuíntes como consecuencia da aplicación das deducións e das reducións |

## 7.5. ÁREA ESTRATÉGICA 5. SAÚDE E DEPORTE

Contribuír ao coidado da saúde física e mental e instaurar estilos de vida saudables que se prolonguen nas distintas etapas da vida, constitúen piares esenciais das políticas públicas dirixidas a promover o benestar integral das persoas.

Con esta finalidade, a Xunta de Galicia desenvolverá nos vindeiros anos distintas actuacións para a promoción da saúde da poboación moza, enmarcadas en tres obxectivos operativos.

En primeiro lugar, **favorecerase a saúde integral a través de programas preventivos e de promoción de hábitos saudables**, tan necesarios desde idades temperás; programas centrados principalmente en fomentar unha alimentación saudable e en evitar hábitos nocivos como o consumo de substancias psicoactivas e as prácticas de risco nas relacións afectivo-sexuais.

O segundo obxectivo operativo centrarase na **atención á saúde mental e ao benestar emocional de adolescentes e mocidade en xeral**.

Como recollen distintos estudos referidos na diagnose deste plan, trastornos como a ansiedade e a depresión presentan elevadas cifras de prevalencia entre os problemas de saúde mental na infancia e na mocidade, ao que hai que sumar outras situacións de malestar psicosocial de nenas, de nenos e de adolescentes que non chegan a constituír problemas mentais, pero si perturban a súa vida, a súa saúde e as súas expectativas de futuro.

Na Enquisa á xuventude realizada no marco da elaboración do presente plan, a saúde mental sitúase á cabeza dos principais problemas da poboación nova de Galicia, mencionada pola metade da mostra entrevistada (49 %).

No ámbito da saúde mental xuvenil, cómpre destacar a posta en marcha e o desenvolvemento nos vindeiros anos de diferentes actuacións por parte da Administración autonómica. Por un lado, levaranse a cabo actuacións no marco do Protocolo de prevención

e actuación nos ámbitos sanitarios e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil. A pandemia e os seus efectos sociais agravaron unha serie de cambios no modo de vida e nas dinámicas familiares que xa se viñan observando a nivel internacional na década anterior. Isto provocou un aumento da ansiedade, da depresión, dos trastornos de conduta alimentaria e do uso problemático de internet entre a poboación adolescente. Finalizado o confinamento, constatouse un aumento das autolesións e dos intentos de suicidio, especialmente nas rapazas. Con este protocolo quérese implantar medidas de prevención das condutas suicidas na poboación escolar, así como estruturar as actuacións concretas no ámbito educativo e sanitario para desenvolver perante unha conduta suicida. Estes obxectivos concrétanse en diversos programas e actuacións para o seu desenvolvemento nos centros educativos de Galicia.

A inclusión da saúde mental no currículo escolar, non só como unha materia puntual, senón como parte dun enfoque integral de educación emocional, axudará a previr problemas psicolóxicos e a proporcionarlle ao alumnado as ferramentas necesarias para afrontar as dificultades desde unha perspectiva de benestar.

Por outro lado, considerando a importancia de achegar os servizos de saúde mental á mocidade e garantir un acceso máis áxil e directo aos recursos sanitarios, resulta fundamental impulsar a colaboración entre a Consellería de Sanidade e os departamentos responsables de espazos destinados á xuventude.

Nesta liña, distribuiranse guías e outros materiais relacionados coa saúde mental en espazos que a mocidade xa frecuenta, o que facilitará o acceso directo á información, así como a proximidade e a confianza no sistema. Este enfoque supón un apoio informativo nunha contorna accesible e non estigmatizante onde a xuventude poida recibir orientación e apoio en temas relacionados co seu benestar emocional e psicolóxico.

Outro pilar clave da saúde e do benestar integral da poboación moza é a **práctica da actividade física e deportiva**. Así, no marco do terceiro obxectivo operativo desta área, a Xunta de Galicia seguirá potenciando o exercicio físico e o deporte ao longo desta etapa vital a través de distintas accións, especialmente en idade escolar.

Ademais, darase continuidade aos apoios á actividade deportiva, tanto a deportistas de alto nivel como ás federacións e entidades, no seu esforzo por promover o deporte de base.

## » **OBXECTIVO ESTRATÉGICO: PROMOVER O BENESTAR INTEGRAL DA XUVENTUDE MEDIANTE O COIDADO DA SAÚDE FÍSICA E MENTAL E O FOMENTO DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES**

---

### **Obxectivo operativo 5.1 Promover a saúde integral a través de programas preventivos e de hábitos de vida saudables**

**MEDIDA 5.1.1 DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS PARA A PREVENCIÓN DO CONSUMO DE SUBSTANCIAS PSICOACTIVAS EN CENTROS EDUCATIVOS**

|                                  |                                                                                                                                                                                  |
|----------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de saúde pública                                                                                                                             |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de actividades desenvolvidas por tipoloxía<br>Número de centros educativos participantes<br>Número de aulas/cursos/niveis participantes<br>Alumnado participante por sexo |

**MEDIDA 5.1.2 REALIZACIÓN DE CAMPAÑAS E PROGRAMAS EDUCATIVOS PARA A UNHA ALIMENTACIÓN SAUDABLE DESDE IDADES TEMPERÁS**

|                                  |                                                                                                                                                                                  |
|----------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de saúde pública<br>Departamento responsable en materia de pesca e acuicultura                                                               |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de actividades desenvolvidas por tipoloxía<br>Número de centros educativos participantes<br>Número de aulas/cursos/niveis participantes<br>Alumnado participante por sexo |

**MEDIDA 5.1.3 CONTINUIDADE DAS ACCIÓNS DE PREVENCIÓN DAS INFECCIÓNS DE TRANSMISIÓN SEXUAL**

|                                  |                                                                                                                                                                                                                                |
|----------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de saúde pública                                                                                                                                                                           |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de entidades participantes<br>Número de probas reactivas distribuídas<br>Número de probas realizadas por sexo<br>Número de materiais distribuídos por tipoloxía<br>Número de publicacións, vídeos etc. en redes sociais |

**MEDIDA 5.1.4 ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES SOBRE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL  
CO FIN DE CONCIENCIAR E FORMAR NA IMPORTANCIA DA PREVENCIÓN DE RISCOS**

|                                  |                                                                                                                                            |
|----------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de seguridade e saúde laboral                                                                          |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de actuacións realizadas<br>Número de cursos realizados<br>Número de visitas realizadas<br>Número de persoas participantes por sexo |

**MEDIDA 5.1.5 CONSOLIDACIÓN DO SERVIZO DE REALIZACIÓN DE PROBAS DE EMBARAZO E  
PROBAS DE VIH E VHC NOS CENTROS QUÉROTE+**

|                                  |                                                                                                                                                                                                                                |
|----------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable da actividade dos centros Quérote+<br>Departamento responsable en materia de saúde pública                                                                                                            |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número total de probas realizadas por centro<br>Número de probas do virus de inmunodeficiencia humana (VIH) realizadas<br>Número de probas do virus da hepatitis C (VHC) realizadas<br>Número de probas de embarazo realizadas |

**MEDIDA 5.1.6 DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA FORMATIVO DIRIXIDO Á MOCIDADE SOBRE AS  
DIFERENTES TEMÁTICAS DE SAÚDE E BENESTAR ABORDADAS DESDE OS CENTROS QUÉROTE+  
(SEXUALIDADE, LGTBI, BENESTAR EMOCIONAL, PROMOCIÓN DA IGUALDADE E DO BO TRATO, E  
PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO)**

|                                  |                                                                                                                                           |
|----------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable da actividade dos centros Quérote+                                                                               |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de entidades participantes/colaboradoras<br>Número de obradoiros realizados<br>Número de persoas participantes por sexo e temática |



**MEDIDA 5.1.7 CREACIÓN DUNHA PLATAFORMA MULTISECTORIAL PARA A COORDINACIÓN DE ACCIÓNS ENTRE AS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, ASOCIACIÓNS XUVENÍS E OUTRAS ENTIDADES DA SOCIEDADE CIVIL PARA PREVER O CONSUMO DE SUBSTANCIAS PSICOACTIVAS ENTRE A MOCIDADE**

|                                   |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|-----------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>               | Departamento responsable en materia de saúde pública                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | <p>Número de localidades nas que se realizaron as actuacións</p> <p>Número de reunións de coordinación</p> <p>Número de entidades participantes</p> <p>% de persoas fumadoras a diario no último mes de entre 16 e 24 anos por sexo</p> <p>% de persoas que consumiron bebidas alcohólicas a diario no último mes de entre 16-24 anos por sexo</p> |

**Obxectivo operativo 5.2 Reforzar a atención á saúde mental e ao benestar emocional de adolescentes e mocidade en xeral**
**MEDIDA 5.2.1 IMPULSO DE CONVENIOS CO DEPARTAMENTO COMPETENTE EN SANIDADE PARA A DIFUSIÓN DE RECURSOS, A INFORMACIÓN E A ORIENTACIÓN EN MATERIA DE SAÚDE MENTAL NOS CENTROS DE INFORMACIÓN XUVENIL E OUTROS ESPAZOS PARA A XUVENTUDE**

|                                   |                                                                                                                                                                                                                                                             |
|-----------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>               | <p>Departamento responsable en materia de sanidade</p> <p>Departamento responsable da actividade dos centros Quérote+</p> <p>Departamento responsable en materia de xuventude</p>                                                                           |
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | <p>Número e tipo de materiais difundidos</p> <p>Número de actividades de información, difusión e orientación realizadas</p> <p>Número de persoas atendidas por sexo</p> <p>Número de persoas derivadas a un recurso específico en saúde mental por sexo</p> |

### MEDIDA 5.2.2 POSTA EN MARCHA DE PROGRAMAS PREVENTIVOS E DE PROMOCIÓN DA SAÚDE MENTAL EN CENTROS EDUCATIVOS

|                                   |                                                             |
|-----------------------------------|-------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>               | Departamento responsable en materia de sanidade             |
|                                   | Departamento responsable en materia de ordenación educativa |
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de programas desenvolvidos                           |
|                                   | Número de centros educativos participantes                  |
|                                   | Alumnado participante por sexo                              |

### MEDIDA 5.2.3 FORTALECEMENTO DOS RECURSOS PARA A DETECCIÓN PRECOZ E A INTERVENCIÓN EN CENTROS EDUCATIVOS ANTE O RISCO SUICIDA EN ADOLESCENTES E MOCIDADE

|                                   |                                                             |
|-----------------------------------|-------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>               | Departamento responsable en materia de sanidade             |
|                                   | Departamento responsable en materia de ordenación educativa |
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de programas desenvolvidos                           |
|                                   | Número de centros educativos participantes                  |
|                                   | Alumnado participante por sexo                              |

## Obxectivo operativo 5.3 Potenciar a actividade física e deportiva entre a xuventude

### MEDIDA 5.3.1 DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS PARA O FOMENTO DA ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTIVA ENTRE A XUVENTUDE

|                                   |                                                                                          |
|-----------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>               | Departamento responsable en materia de deporte                                           |
|                                   | Departamento responsable en materia de educación                                         |
|                                   | Departamento responsable en materia de cultura                                           |
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de centros participantes en PVAD (Proxecto Vida Activa e Deportiva)               |
|                                   | Número de centros con un PVAD validado                                                   |
|                                   | Alumnado participante por sexo                                                           |
|                                   | Alumnado participante na valoración DAFIS (Datos de Actividade Física Saudable) por sexo |

**MEDIDA 5.3.2 IMPULSO DE ACTUACIÓN QUE PROMOVAN A CONTINUIDADE NA PRÁCTICA DEPORTIVA EN IDADE ESCOLAR**

|                                   |                                                                                                    |
|-----------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>               | Departamento responsable en materia de deporte                                                     |
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de persoas de 14 a 16 anos federadas por sexo e deporte<br>Número de modalidades deportivas |

**MEDIDA 5.3.3 CONSOLIDACIÓN DOS APOIOS ÁS MOZAS E AOS MOZOS DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL**

|                                   |                                                                                                                                                                                  |
|-----------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>               | Departamento responsable en materia de deporte<br>Departamento responsable en materia tributaria                                                                                 |
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de persoas beneficiarias das axudas por sexo e actividade deportiva<br>Número de persoas beneficiarias das deducións fiscais por sexo<br>Importe da bonificación aplicada |

**MEDIDA 5.3.4 APOIO ÁS FEDERACIÓNS E ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE DE BASE**

|                                   |                                                                                                     |
|-----------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>               | Departamento responsable en materia de deporte                                                      |
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de entidades/clubs beneficiarios por modalidade deportiva<br>Número de equipos beneficiarios |

**7.6. ÁREA ESTRATÉGICA 6. PARTICIPACIÓN E ASOCIACIONISMO**

O Plan estratéxico de xuventude aposta por impulsar o protagonismo da mocidade na toma de decisións, fomentar a súa participación e o desenvolvemento de iniciativas propias.

Este obxectivo central levarase a cabo desde unha perspectiva inclusiva, que favoreza a participación de todas as mozas e mozos, e que teña en conta os condicionantes sociais, en especial as situacións de vulnerabilidade socioeconómica e a diversidade.

Para iso, un dos obxectivos para os próximos anos será traballar de cara a **reforzar a oferta de recursos e espazos destinados ao lecer educativo e ao tempo libre.**

Así, entre outras medidas, no marco deste primeiro obxectivo da área, fortaleceranse os Espazos Xoves, adaptándoos aos intereses reais e ás demandas da mocidade actual, cun maior protagonismo da xuventude no deseño da oferta de actividades.

Ademais, nos vindeiros anos prevese ampliar a oferta de campamentos e consolidar a Campaña de Verán como un recurso de educación non formal e ocio educativo, cunha oferta de actividades deportivas, culturais etc., cada vez máis diversificada e adaptada ás preferencias da rapazada. Pero o ocio educativo non ten por que quedar restrinxido á época estival, de maneira que se potenciarán os programas de educación non formal noutras épocas do ano en instalacións da Xunta de Galicia.

Precisamente, farase fincapé no uso das instalacións xuvenís da Administración autonómica como vía primordial de participación da mocidade e impulsarase un novo plan de cesións destes equipamentos a entidades e asociacións, co fin de darlles maior protagonismo aos mozos e ás mozas na organización de actividades.

Outra liña de actuación será o impulso de programas de ocio educativo innovadores e actividades formativas, baseados nos intereses da xuventude, con especial atención ao uso de ferramentas dixitais.

Como se indicou, no desenvolvemento destas liñas de actuación terase en conta a diversidade da poboación moza e, particularmente, traballarase para facilitar a plena inclusión e a accesibilidade das persoas con discapacidade.

No marco dun segundo obxectivo operativo, **apoiarase o asociacionismo xuvenil e impulsaranse novas vías de participación e visibilización dos intereses da mocidade.**

Así, darase continuidade ás axudas para a posta en marcha de iniciativas xuvenís lideradas pola mocidade e nas que as persoas novas sexan as verdadeiras protagonistas, a través da participación activa na planificación e na realización das actividades deseñadas por elas mesmas, xunto con outras actuacións para o fomento e a visibilización do asociacionismo xuvenil.

Nesta liña, impulsarase a realización de eventos periódicos que constitúan puntos de encontro para o diálogo e a reflexión da poboación nova sobre os seus intereses e inquedanzas, así como para poñer en valor o talento e o espírito emprendedor da xuventude.

» **OBXECTIVO ESTRATÉGICO: POTENCIAR A PARTICIPACIÓN ACTIVA DA MOCIDADE DESDE UN ENFOQUE INCLUSIVO E QUE IMPULSE O PROTAGONISMO DA PROPIA XUVENTUDE NA TOMA DE DECISIÓNS**

**Obxectivo operativo 6.1 Fortalecer a oferta de recursos e espazos para facilitar a participación en actividades de tempo libre e de ocio educativo**

**MEDIDA 6.1.1 FORTALECEMENTO DOS ESPAZOS XOVES COMO LUGARES DE PARTICIPACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA XUVENTUDE A TRAVÉS DA ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS E DE OCIO**

|                                  |                                                                                                                                                  |
|----------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de xuventude                                                                                                 |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de actividades desenvolvidas por tipoloxía<br>Número de persoas participantes por sexo<br>Valoración cualitativa da Dirección dos centros |

**MEDIDA 6.1.2 CONSOLIDACIÓN DA CAMPAÑA DE VERÁN COMO OPCIÓN DE OCIO EDUCATIVO NA ÉPOCA ESTIVAL PARA A MOCIDADE GALEGA**

|                                  |                                                                                                                                  |
|----------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de xuventude                                                                                 |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de prazas ofertadas<br>Número de prazas cubertas<br>Número de persoas participantes por sexo, idade e actividade/programa |

**MEDIDA 6.1.3 FOMENTO DA PARTICIPACIÓN DAS MOZAS E MOZOS CON DISCAPACIDADE NA OFERTA DE TEMPO LIBRE E LECER DA XUNTA DE GALICIA E GARANTIR OS APOIOS NECESARIOS PARA A SÚA INCLUSIÓN**

|                                  |                                                                                                                                  |
|----------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de atención á discapacidade                                                                  |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de prazas ofertadas<br>Número de prazas cubertas<br>Número de persoas participantes por sexo, idade e actividade/programa |

**MEDIDA 6.1.4 REFORZAMENTO DA OFERTA DE ALTERNATIVAS DE OCIO FORMATIVO AO LONGO DE TODO O ANO**

|                                  |                                                                       |
|----------------------------------|-----------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de xuventude                      |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de persoas participantes por sexo, idade e actividade/programa |

**MEDIDA 6.1.5 IMPULSO DUNHA PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN NON FORMAL PARA A MOCIDADE NOS CONCELLOS GALEGOS**

|                                  |                                                                                                      |
|----------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de xuventude                                                     |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de xornadas realizadas<br>Concellos participantes<br>Número de persoas participantes por sexo |

**MEDIDA 6.1.6 MANTEMENTO E FOMENTO DA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS XUVENÍS DA XUNTA DE GALICIA COMO CENTROS DE REFERENCIA PARA A PARTICIPACIÓN DA MOCIDADE GALEGA**

|                                  |                                                                                                  |
|----------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de xuventude                                                 |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de persoas usuarias por sexo<br>Media das estadías e número de días nos albergues xuvenís |

**MEDIDA 6.1.7 CONTINUIDADE DO CONCURSO PARLAMENTO XOVE PARA A MELLORA DA COMUNICACIÓN, A EXPRESIÓN E A ORATORIA DOS MOZOS E MOZAS NOS DISTINTOS NIVEIS EDUCATIVOS**

|                                  |                                                                                            |
|----------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de xuventude                                           |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de equipos participantes por categorías<br>Número de persoas participantes por sexo |

**MEDIDA 6.1.8 IMPULSO DE PROGRAMAS DE OCIO EDUCATIVO INNOVADORES BASEADOS NA UTILIZACIÓN DE FERRAMENTAS DIXITAIS**

**Responsables** Departamento responsable en materia de xuventude

**Indicadores de seguimento** Número de programas desenvolvidos  
Número de persoas participantes por sexo

**MEDIDA 6.1.9 CONSOLIDACIÓN DA OFERTA DE ACCIÓNS FORMATIVAS SOBRE TEMÁTICAS DIVERSAS DE INTERESE PARA A MOCIDADE A TRAVÉS DO PLAN DE FORMACIÓN ANUAL DE XUVENTUDE**

**Responsables** Departamento responsable en materia de xuventude

**Indicadores de seguimento** Número de cursos realizados  
Número de persoas participantes non vinculadas ao ámbito da xuventude, por sexo

**MEDIDA 6.1.10 DESEÑO DUN NOVO PLAN DE CESIÓN DAS INSTALACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS PARA O FOMENTO DA ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES POLA PROPIA MOCIDADE**

**Responsables** Departamento responsable en materia de xuventude

**Indicadores de seguimento** Comprobación da elaboración do plan  
Instalacións cedidas  
Entidades/asociacións beneficiarias  
Número de persoas participantes por sexo

**MEDIDA 6.1.11 AMPLIACIÓN DAS VANTAXES DO PROGRAMA CARNÉ XOVE E ADAPTACIÓN AOS AVANCES TECNOLÓXICOS**

**Responsables** Departamento responsable en materia de xuventude

**Indicadores de seguimento** Número de carnés xove activados  
Número de sorteos e actividades de promoción realizadas  
Novos descontos aplicados  
Novos establecementos adheridos

## Obxectivo operativo 6.2 Impulsar o asociacionismo xuvenil e outras canles de participación e visibilización dos intereses da mocidade

### MEDIDA 6.2.1 FORTALECEMENTO DOS APOIOS ÁS ENTIDADES XUVENÍS E GRUPOS INFORMAIS DE MOZOS E MOZAS PARA O LIDERADO DE PROXECTOS DO SEU INTERESE E PARA A CIDADANÍA EN XERAL

|                                  |                                                                                                                                                    |
|----------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de xuventude                                                                                                   |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de proxectos financiados<br>Número de entidades beneficiarias<br>Número de grupos beneficiarios<br>Número de persoas beneficiarias por sexo |

### MEDIDA 6.2.2 FOMENTO E VISIBILIZACIÓN DO ASOCIACIONISMO XUVENIL COMO CANLE DE PARTICIPACIÓN SOCIAL DA MOCIDADE

|                                  |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
|----------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de xuventude                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de accións de fomento e visibilización realizadas por tipoloxía<br>Número de novas asociacións xuvenís censadas<br>Número de novas asociacións con sección xuvenil censadas<br>Número de novas escolas de educación no tempo libre censadas<br>Número de instalacións xuvenís censadas<br>Número de novas entidades da Rede Galega de Información Xuvenil censadas |

### MEDIDA 6.2.3 REALIZACIÓN DE EVENTOS PERIÓDICOS COMO PUNTO DE ENCONTRO PARA A MOCIDADE

|                                  |                                                                          |
|----------------------------------|--------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de xuventude                         |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de eventos realizados<br>Número de persoas participantes por sexo |



## 7.7. ÁREA ESTRATÉGICA 7. VOLUNTARIADO

No marco desta área estratéxica, diferentes departamentos da Administración autonómica colaborarán no fomento dos valores de solidariedade e no compromiso social entre a xuventude.

Para iso, levaranse a cabo accións en distintos eidos que **estimulen os valores de voluntariado na comunidade, solidariedade e colaboración.**

Así, darase continuidade ás actividades que se realizan nos centros educativos para fomentar a consciencia solidaria e a acción voluntaria entre as rapazas e os rapaces.

Ademais, promoverase a realización de actividades de voluntariado na comunidade (con persoas maiores, en centros sanitarios, no ámbito da promoción do uso do galego entre a xuventude etc.), así como a través de concellos e de entidades de iniciativa social, con apoios específicos ás organizacións sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos xerais de sensibilización, coordinación e formación no ámbito do voluntariado.

Consolidaranse os campos de voluntariado, cunha oferta diversificada que inclúa accións voluntarias en distintos eidos: ambiental, arqueolóxico, etnográfico, musical e comunitario.

Así mesmo, ofertarase un plan anual de formación en voluntariado que favoreza a capacitación neste ámbito, para que tanto o persoal técnico das entidades de acción voluntaria, como as persoas voluntarias que colaboran ou desexan colaborar con estas organizacións, dispoñan dos coñecementos imprescindibles na materia, co fin de levar a cabo o seu labor do mellor xeito posible, a través de accións formativas en temáticas diversas.

### » **OBXECTIVO ESTRATÉGICO: FOMENTAR O COMPROMISO SOCIAL E OS VALORES DE SOLIDARIEDADE ENTRE A XUVENTUDE**

**Obxectivo operativo 7.1 Estimular a consciencia solidaria e o espírito colaborativo e promover a participación da xuventude en proxectos de acción voluntaria nos distintos ámbitos**

#### **MEDIDA 7.1.1 ESTÍMULO DOS VALORES SOLIDARIOS NOS CENTROS EDUCATIVOS DESDE IDADES TEMPERÁS**

|                                  |                                                             |
|----------------------------------|-------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de ordenación educativa |
|                                  | Departamento responsable en materia de xuventude            |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de centros participantes por programa                |
|                                  | Alumnado participante por sexo                              |

#### MEDIDA 7.1.2 CONSOLIDACIÓN DA OFERTA DE CAMPOS DE VOLUNTARIADO

|                                   |                                                            |
|-----------------------------------|------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>               | Departamento responsable en materia de patrimonio cultural |
|                                   | Departamento responsable en materia de xuventude           |
|                                   | Departamento responsable en materia de emigración          |
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de persoas participantes por sexo                   |

#### MEDIDA 7.1.3 OFERTA DUN PLAN ANUAL DE FORMACIÓN EN VOLUNTARIADO QUE FAVOREZA A CAPACITACIÓN DAS PERSOAS MOZAS NESTE ÁMBITO

|                                   |                                                  |
|-----------------------------------|--------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>               | Departamento responsable en materia de xuventude |
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de cursos realizados                      |
|                                   | Número de persoas participantes por sexo         |

#### MEDIDA 7.1.4 IMPULSO DE PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO NO ÁMBITO SOCIAL, CULTURAL E LINGÜÍSTICO

|                                   |                                                                        |
|-----------------------------------|------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>               | Departamento responsable en materia de xuventude                       |
|                                   | Departamento responsable en materia lingüística                        |
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de centros participantes dependentes do Servizo Galego de Saúde |
|                                   | Número de persoas participantes por sexo                               |

#### MEDIDA 7.1.5 CONTINUIDADE DAS ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DO VOLUNTARIADO XUVENIL A TRAVÉS DE CONCELLOS E ENTIDADES SOCIAIS

|                                   |                                                  |
|-----------------------------------|--------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>               | Departamento responsable en materia de xuventude |
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de proxectos subvencionados               |
|                                   | Número de persoas participantes por sexo         |

## 7.8. ÁREA ESTRATÉGICA 8. INFORMACIÓN E FORMACIÓN

Para o deseño, a posta en marcha e o axeitado desenvolvemento das políticas en materia de xuventude é preciso contar con canles de comunicación efectivas, que deben ser bidireccionais, en tanto que é preciso coñecer as necesidades, os intereses e as demandas da mocidade para responder adecuadamente aos cambiantes desafíos aos que se enfronta. Ademais, é necesario chegar ao máis amplo rango da poboación nova con información do seu interese.

Por iso, o primeiro obxectivo operativo da área de Información e Formación non é outro que **consolidar e ampliar as canles informativas e de comunicación coa xuventude**. Para iso, desde a óptica da adaptación constante aos cambios tecnolóxicos, a Xunta de Galicia seguirá mantendo e mellorando os sistemas e vías de comunicación coa poboación moza, con especial atención ás redes sociais.

Transmitir información sobre os recursos para a xuventude na comunidade autónoma, así como prestar outros servizos de asesoramento e de consulta sobre diversas materias, é outra das principais liñas de acción desta área, polo que se levarán a cabo distintas medidas orientadas á mellora da información: mediante o fortalecemento da Rede Galega de Dinamización Xuvenil e a través de espazos de concorrencia de xente nova, como os festivais de música.

Atenderase, ademais, ás necesidades específicas da mocidade galega retornada na etapa da chegada a Galicia.

Consolidaranse os centros Quérote+, como servizo específico de información e asesoramento á mocidade en temáticas diversas, así como as accións de formación que se realizan desde estes centros sobre as problemáticas que afectan á xuventude, accións que teñen como destinatarios concellos, entidades sociais e centros educativos.

O segundo obxectivo operativo desta área céntrase na dimensión formativa. Cómpre seguir traballando para **mellorar a cualificación do persoal que traballa no eido da xuventude**, de profesionais e doutras persoas interesadas neste campo.

Para iso, consolidarase a oferta de cursos do Plan anual de formación en materia de xuventude. Parte destes cursos oriéntanse á formación de profesionais do sector do ocio educativo e o tempo libre e de persoal técnico que traballa coa poboación nova. As temáticas serán diversas, sobre materias de interese, como intelixencia emocional e aspectos específicos do traballo coa xuventude no tempo de lecer, sempre desde a perspectiva de xénero.

Ademais, manteranse os apoios ás Escolas de Educación no Tempo Libre, como centros de formación específicos de educación non formal no eido do tempo libre, de cara á mellora da cualificación das e dos profesionais que desenvolven o seu labor neste ámbito.

» **OBXECTIVO ESTRATÉGICO: DESENVOLVER UNHA POLÍTICA DE COMUNICACIÓN EFECTIVA E BIDIRECCIONAL COA MOCIDADE, NO MARCO DUN SISTEMA COORDINADO DE INTERVENCIÓN, A TRAVÉS DA OPTIMIZACIÓN DOS PROCESOS E DA CAPACITACIÓN TÉCNICA EN MATERIA DE XUVENTUDE**

**Obxectivo operativo 8.1 Consolidar e ampliar as canles informativas e de comunicación coa mocidade**

**MEDIDA 8.1.1 ADAPTACIÓN E MELLORA PERMANENTE DAS CANLES DE COMUNICACIÓN CONTINUA COA MOCIDADE**

|                                   |                                                        |
|-----------------------------------|--------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>               | Departamento responsable en materia de xuventude       |
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de publicacións realizadas                      |
|                                   | Número de envíos de información a través de WhatsApp   |
|                                   | Número de consultas de WhatsApp atendidas              |
|                                   | Número de seguidores/as alcanzados/as en redes sociais |
|                                   | Número de visualizacións no portal web                 |

**MEDIDA 8.1.2 EXTENSIÓN DO PROGRAMA CORRESPONDENTES XUVENÍS EN CENTROS DE ENSINO DOS DISTINTOS NIVEIS EDUCATIVOS PARA ACHEGAR INFORMACIÓN DE INTERESE Á MOCIDADE GALEGA**

|                                   |                                                           |
|-----------------------------------|-----------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>               | Departamento responsable en materia de xuventude          |
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de centros participantes                           |
|                                   | Profesorado participante por sexo                         |
|                                   | Alumnado participante por sexo                            |
|                                   | Número de asistentes ao encontro anual de Correspondentes |
|                                   | Grao de interacción nas redes sociais do proxecto         |
|                                   | Valoración cualitativa das dirección dos Espazos Xoves    |

**MEDIDA 8.1.3 FORTALECIMENTO DA REDE GALEGA DE DINAMIZACIÓN XUVENIL COMO SERVIZO DE ASESORAMENTO E DIFUSIÓN DOS RECURSOS EXISTENTES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA PARA A POBOACIÓN NOVA**

|                                  |                                                                                              |
|----------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de xuventude                                             |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de actuacións por provincia<br>Número de persoas participantes/beneficiarias por sexo |

**MEDIDA 8.1.4 CONSOLIDACIÓN DOS CENTROS QUÉROTE+ COMO UN SERVIZO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO Á MOCIDADE**

|                                  |                                                                                                                             |
|----------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable da actividade dos centros Quérote+                                                                 |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de servizos ofrecidos por provincia<br>Número de persoas usuarias/beneficiarias por sexo, grupos de idade e temática |

**MEDIDA 8.1.5 ASESORAMENTO E INFORMACIÓN Á MOCIDADE RETORNADA NO MOMENTO DA CHEGADA A GALICIA**

|                                  |                                                   |
|----------------------------------|---------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de emigración |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de persoas atendidas por sexo              |

**MEDIDA 8.1.6 FOMENTO DO COÑECEMENTO DOS PROGRAMAS DIRIXIDOS AOS MOZOS E MOZAS, CUNHA ACTIVIDADE ESPECÍFICA NOS FESTIVAIS DE MÚSICA**

|                                  |                                                                                                                                                                             |
|----------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de xuventude                                                                                                                            |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de accións de comunicación realizadas por tipoloxía<br>Número de eventos (festivais etc.) nos que se difunde información<br>Número de persoas participantes por sexo |

## Obxectivo operativo 8.2 Mellorar a cualificación do persoal que traballa no eido da xuventude e optimizar os procesos de traballo para incrementar a calidade e a eficiencia dos recursos

### MEDIDA 8.2.1 CONSOLIDACIÓN DO PLAN ANUAL DE FORMACIÓN EN MATERIA DE XUVENTUDE PARA A MELLORA DA CAPACITACIÓN E A ACTUALIZACIÓN DE COÑECEMENTOS DAS PERSOAS E DAS E DOS PROFESIONAIS QUE TRABALLAN NO EIDO DA XUVENTUDE

|                                  |                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
|----------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de xuventude                                                                                                                                                                                                                                                    |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | <p>Número de cursos realizados</p> <p>Número de profesionais do ocio educativo e do tempo libre formados/as por sexo</p> <p>Número de persoas técnicas de xuventude formadas por sexo</p> <p>Número de persoas non profesionais voluntarias, vinculadas ao eido da xuventude formadas, por sexo</p> |

### MEDIDA 8.2.2 CONTINUIDADE DOS APOIOS ÁS ESCOLAS DE EDUCACIÓN NO TEMPO LIBRE PARA A MELLORA DA CUALIFICACIÓN DAS E DOS PROFESIONAIS DO ÁMBITO DO TEMPO LIBRE

|                                  |                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
|----------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable en materia de xuventude                                                                                                                                                                                                                                            |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | <p>Número de cursos de monitorado de actividades de educación no tempo libre</p> <p>Número de cursos de dirección de actividades de educación no tempo libre</p> <p>Número de cursos de dirección de campos de voluntariado</p> <p>Número de persoas tituladas por sexo e tipo de curso</p> |

### MEDIDA 8.2.3 CONTINUIDADE DAS ACCIÓNS FORMATIVAS IMPARTIDAS POLOS CENTROS QUÉROTE+ SOBRE AS DIFERENTES PROBLEMÁTICAS QUE AFECTAN Á XUVENTUDE E AOS AXENTES QUE TRABALLAN COA POBOACIÓN MOZA

|                                  |                                                                                                      |
|----------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>              | Departamento responsable da actividade dos centros Quérote+                                          |
| <b>Indicadores de seguimento</b> | <p>Número de cursos realizados</p> <p>Número de horas</p> <p>Número de persoas formadas por sexo</p> |

## 7.9. ÁREA ESTRATÉGICA 9. MOBILIDADE XUVENIL E TURISMO

A Administración autonómica mostra unha consolidada traxectoria de apoio á mobilidade xuvenil, coa finalidade de contribuír ao desenvolvemento persoal e profesional da mocidade.

A través dos obxectivos e das medidas desta área seguiranse a **impulsar políticas favorecedoras da mobilidade da poboación nova, tanto no exterior como no contexto galego.**

No marco do primeiro obxectivo operativo, reforzaranse os **programas de mobilidade internacional** para a mocidade, cos seguintes obxectivos principais:

- » Contribuír á ampliación das competencias persoais e profesionais.
- » Fomentar a autonomía persoal.
- » Mellorar as competencias en linguas estranxeiras.
- » Facilitar o coñecemento do mercado laboral europeo a través de prácticas formativas non laborais e axudar, así, a aumentar as posibilidades de inserción.

Pero non só se favorecerá a mobilidade das persoas mozas residentes na comunidade autónoma, pois tamén está previsto desenvolver programas específicos para a xuventude da Galicia exterior dirixidos a favorecer o contacto coas súas raíces en Galicia e o coñecemento do país, o que contribuirá ademais á atracción de talento mozo á comunidade.

Como segundo obxectivo, prevese **fomentar a mobilidade interna das persoas mozas, xa sexa por motivos de estudos, laborais ou de lecer.** Para iso, manteranse as vantaxes económicas que permitan os desprazamentos interurbanos cotiás. Ademais, reforzase a oferta de prazas e bolsas nas residencias xuvenís da Xunta de Galicia que permiten que mozos e mozas galegas cursen os seus estudos nos distintos niveis de ensino fóra do seu lugar de residencia.

- » **OBXECTIVO ESTRATÉGICO: FAVORECER A MOBILIDADE XUVENIL EXTERIOR COMO VÍA DE DESENVOLVEMENTO PERSOAL E PROFESIONAL E PROMOVER O TURISMO E A MOBILIDADE INTERNA PARA O COÑECEMENTO E DIFUSIÓN DA RIQUEZA DE GALICIA**

**Obxectivo operativo 9.1 Potenciar a mobilidade xuvenil internacional e o coñecemento da realidade galega para os mozos e as mozas da Galicia exterior**

**MEDIDA 9.1.1 FORTALECEMENTO DOS PROGRAMAS DE MOBILIDADE INTERNACIONAL QUE LLE FACILITEN Á MOCIDADE GALEGA O COÑECEMENTO DO MERCADO LABORAL EUROPEO**

|                     |                                                  |
|---------------------|--------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b> | Departamento responsable en materia de xuventude |
|---------------------|--------------------------------------------------|

|                                  |                                          |
|----------------------------------|------------------------------------------|
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de persoas beneficiarias por sexo |
|----------------------------------|------------------------------------------|

**MEDIDA 9.1.2 ACHEGAMENTO DA REALIDADE GALEGA Á XUVENTUDE DA GALICIA EXTERIOR A TRAVÉS DE PROGRAMAS QUE FAVOREZAN O CONTACTO E O INTERCAMBIO CULTURAL**

|                     |                                                   |
|---------------------|---------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b> | Departamento responsable en materia de emigración |
|---------------------|---------------------------------------------------|

|                                  |                                                                |
|----------------------------------|----------------------------------------------------------------|
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de persoas beneficiarias por sexo e actividade/programa |
|----------------------------------|----------------------------------------------------------------|

**Obxectivo operativo 9.2 Incentivar a mobilidade interna da mocidade a través de recursos e vantaxes económicas****MEDIDA 9.2.1 CONTINUIDADE E MELLORA, NO SEU CASO, DA OFERTA DE PRAZAS E BOLSAS NAS RESIDENCIAS XUVENÍS, COMO RECURSO DE APOIO Á MOCIDADE DESPRAZADA DO SEU CONCELLO DE RESIDENCIA**

|                     |                                                  |
|---------------------|--------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b> | Departamento responsable en materia de xuventude |
|---------------------|--------------------------------------------------|

|                                  |                                                                                                    |
|----------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de prazas ofertadas por modalidade<br>Número de persoas beneficiarias por sexo e modalidade |
|----------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------|

**MEDIDA 9.2.2 MANTEMENTO DAS VANTAXES ECONÓMICAS NOS DESPRAZAMENTOS INTERURBANOS DA MOCIDADE A TRAVÉS DA TARXETA XENTE NOVA**

|                     |                                                  |
|---------------------|--------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b> | Departamento responsable en materia de xuventude |
|---------------------|--------------------------------------------------|

|                                  |                                                                        |
|----------------------------------|------------------------------------------------------------------------|
| <b>Indicadores de seguimento</b> | Número de tarxetas emitidas e en vigor<br>Número de viaxes bonificadas |
|----------------------------------|------------------------------------------------------------------------|



## 7.10. ÁREA ESTRATÉGICA 10. DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Dedícase esta área estratéxica ao impulso do uso do galego entre a mocidade e á consolidación das accións de difusión e promoción da lingua e da cultura galegas.

É fundamental seguir impulsando o uso do galego entre a mocidade. As accións que se deseñen dirixiranse a poñer en valor e prestixiar a lingua galega, de maneira que os mozos e as mozas, ademais de coñecer o galego, fagan un uso habitual del.

Para iso, no marco do primeiro obxectivo operativo, para **potenciar o galego como lingua habitual entre a xuventude**, está prevista a elaboración dun instrumento de planificación para a dinamización da lingua galega especificamente dirixido á mocidade. Coa elaboración deste plan quérese aliñar as diferentes actuacións que a Xunta de Galicia está impulsando coas novas accións e tendencias que se queren abordar dentro da planificación dun sector de poboación estratéxico para o futuro do galego.

Ademais, levaranse a cabo actividades de promoción do galego a través de distintas vías, entre as que cabe salientar os programas específicos en centros educativos e os proxectos innovadores de dinamización lingüística.

Seguirase **apoiando o eido creativo e a investigación cultural e promovendo o coñecemento e a difusión da lingua e da cultura galegas**.

Entre outras medidas, darase continuidade ás axudas á investigación lingüística e literaria galegas e consolidaranse as accións de promoción da cultura autóctona, xa sexa a través de accións formativas para a mocidade estranxeira en Galicia, ou mediante o impulso do estudo do idioma galego nos centros de estudos galegos localizados en universidades de España e do estranxeiro.

Outra medida serán os apoios ao sector editorial para a edición de libros e de recursos didácticos en lingua galega nos niveis do ensino non universitario.

### » **OBXECTIVO ESTRATÉGICO: IMPULSAR O USO DO IDIOMA PROPIO DE GALICIA ENTRE A MOCIDADE E CONSOLIDAR O TRABALLO DE DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DA LINGUA E DA CULTURA GALEGAS**

#### **Obxectivo operativo 10.1 Potenciar o uso do galego como lingua habitual por parte da mocidade**

**MEDIDA 10.1.1 ELABORACIÓN DUN INSTRUMENTO DE PLANIFICACIÓN PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA ESPECIFICAMENTE DIRIXIDO Á MOCIDADE**

|                                   |                                                                                                                                                                            |
|-----------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>               | Departamento responsable en materia lingüística                                                                                                                            |
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de accións, programas, recursos e actividades programadas ao abeiro do plan<br>Número de persoas destinatarias/beneficiarias por sexo e tipo de actividade/programa |

**MEDIDA 10.1.2 PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA ENTRE A POBOACIÓN NOVA A TRAVÉS DE CONCURSOS, PREMIOS E CERTAMES**

|                                   |                                                                                                                                                                                                                                                                               |
|-----------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsables</b>               | Departamento responsable en materia lingüística<br>Departamento responsable en materia de xuventude                                                                                                                                                                           |
| <b>Indicadores de seguimiento</b> | Número de centros participantes<br>Alumnado participante por sexo<br>Número de publicacións por tipoloxía<br>Número de podcasts realizados<br>Número de persoas asistentes a eventos<br>Número de traballos/mensaxes etc. presentados<br>Número de persoas premiadas por sexo |

**MEDIDA 10.1.3 IMPULSO DA PARTICIPACIÓN ACTIVA DA MOCIDADE NA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES ESPECÍFICAS NO MARCO DA CELEBRACIÓN DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS**

|                                   |                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|-----------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
